

**MAPA
SOCIOLINGÜÍSTICO
DE
GALICIA 2004**

VOLUME I

**LINGUA INICIAL E COMPETENCIA LINGÜÍSTICA
EN GALICIA**

AUTORES

**Manuel González González (dir.)
Modesto A. Rodríguez Neira (coord.)
Antonio Fernández Salgado
Xaquín Loredó Gutiérrez
Isabel Suárez Fernández**



**SEMINARIO DE
SOCIOLINGÜÍSTICA**

MAPA SOCIOLINGÜÍSTICO
DE GALICIA 2004

VOLUME I

LINGUA INICIAL E COMPETENCIA LINGÜÍSTICA
EN GALICIA

Mapa sociolingüístico de Galicia 2004. Vol. 1: Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia / Manuel González González (dir.), Modesto A. Rodríguez Neira (coord.), Antonio Fernández Salgado, Xaquín Loredó Gutiérrez, Isabel Suárez Fernández. – A Coruña: Real Academia Galega, Seminario de sociolingüística, 2007. – xxx p.: il. ; xx cm.

DL C - 799 - 2007 – ISBN da obra completa: 978-84-87987-44-1 – ISBN do volume: 978-84-87987-45-8

1. Lingua galega – sociolingüística. I. González González, Manuel. II. Rodríguez Neira, Modesto A. III. Fernández Salgado, Antonio. IV. Loredó Gutiérrez, Xaquín. V. Suárez Fernández, Isabel. VI. Real Academia Galega, Seminario de Sociolingüística.

INVESTIGACIÓN REALIZADA COA AXUDA ECONÓMICA DA SECRETRÍA
XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA DA XUNTA DE GALICIA

© Real Academia Galega
Rúa Tabernas, 11
15001 A Coruña
Tel. e fax 34 - 981 20 73 08
secretaria@realacademiagalega.org

Imprime:
Galigraf Galicia

Depósito Legal: C - 799 - 2007

ISBN da obra completa: 978-84-87987-44-1
ISBN do volume: 978-84-87987-45-8

MAPA SOCIOLINGÜÍSTICO DE GALICIA 2004


VOLUME I

LINGUA INICIAL E COMPETENCIA LINGÜÍSTICA
EN GALICIA

AUTORES

Manuel González González (dir.)
Modesto A. Rodríguez Neira (coord.)
Antonio Fernández Salgado
Xaquín Loredo Gutiérrez
Isabel Suárez Fernández

Håkan Casares Berg participou como bolseiro do Seminario de sociolingüística da RAG na posta en marcha deste proxecto e na adaptación do novo cuestionario.



SEMINARIO DE
SOCIOLINGÜÍSTICA

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	19
1. METODOLOXÍA	21
1.1. A mostra	21
1.2. O cuestionario	26
2. Lingua Inicial	29
2.1. Introducción	29
2.2. Lingua inicial no MSG-92	30
2.3. Lingua inicial no MSG-04	31
2.4. Análise das variables relacionadas coa lingua inicial no MSG-04: determinantes sociais da transmisión lingüística	35
2.4.1. Lingua inicial segundo a lingua que fala a nai co suxeito	37
2.4.2. Lingua inicial segundo a lingua que fala o pai co suxeito	38
2.4.3. Lingua inicial segundo o hábitat de nacemento	39
2.4.4. Lingua inicial segundo o hábitat de residencia	42
2.4.5. Lingua inicial segundo o nivel educativo	49
2.4.6. Lingua inicial segundo a idade	53
2.4.7. Lingua inicial segundo a ocupación	55
2.4.8. Lingua inicial segundo o xénero	57
2.4.9. Lingua inicial segundo o nivel de ingresos	58

2.5. Análise multidimensional da lingua inicial: perfís de falantes iniciais	60
2.6. Síntese do capítulo	63
3. COMPETENCIA LINGÜÍSTICA	65
3.1. Introducción	65
3.2. Consideracións técnicas	66
3.3. Competencia lingüística en galego no MSG-92	67
3.4. Competencia lingüística en galego e castelán no MSG-04	68
3.5. Determinantes sociolingüísticos, sociolóxicos e educativos da competencia en galego e en castelán	69
3.6. Influencia das variables sociolingüísticas, sociolóxicas e educativas na distribución da capacidade para entender o galego.....	70
3.6.1. Capacidade para entender o galego segundo a lingua inicial e a habitual.....	71
3.6.2. Capacidade para entender o galego segundo a lingua das clases en primaria e secundaria ...	72
3.6.3. Capacidade para entender o galego segundo a súa adquisición na familia e/ou na escola	73
3.6.4. Capacidade para entender o galego segundo o hábitat de residencia e de nacemento	74
3.6.5. Capacidade para entender o galego segundo a idade	74
3.7. Influencia das variables sociolingüísticas, sociolóxicas e educativas na distribución da capacidade para falar o galego.....	75
3.7.1. Capacidade para falar o galego segundo a lingua inicial e habitual	76
3.7.2. Capacidade para falar o galego segundo a lingua das clases en primaria e secundaria	77
3.7.3. Capacidade para falar o galego segundo a súa aprendizaxe na familia	77
3.7.4. Capacidade para falar o galego segundo o hábitat de residencia e de nacemento	78
3.7.5. Capacidade para falar o galego segundo a idade	79

3.7.6. Capacidade para falar o galego segundo o xénero	79
3.8. Influencia das variables sociolingüísticas, sociolóxicas e educativas na distribución da capacidade para ler o galego.....	80
3.8.1. Capacidade para ler o galego segundo a lingua habitual e a inicial	81
3.8.2. Capacidade para ler o galego segundo a lingua das clases de primaria e secundaria	82
3.8.3. Capacidade para ler o galego segundo a súa aprendizaxe na familia e/ou na escola	82
3.8.4. Capacidade para ler o galego segundo a idade	83
3.8.5. Capacidade para ler o galego segundo os estudos	84
3.8.6. Capacidade para ler o galego segundo os ingresos	85
3.9. Influencia das variables sociolingüísticas, sociolóxicas e educativas na distribución da capacidade para escribir o galego.....	86
3.9.1. Capacidade para escribir o galego segundo a lingua inicial e habitual	87
3.9.2. Capacidade para escribir o galego segundo a súa aprendizaxe na familia e/ou na escola	87
3.9.3. Capacidade para escribir o galego segundo a idade	88
3.9.4. Capacidade para escribir o galego segundo a lingua das clases en primaria e secundaria	89
3.9.5. Capacidade para escribir o galego segundo os estudos	89
3.9.6. Capacidade para escribir o galego segundo os ingresos	90
3.10. Distribución territorial da competencia en galego ...	90
3.10.1. Competencia en galego segundo o tamaño do hábitat de residencia	91
3.10.2. Competencia en galego das sete grandes cidades galegas	92
3.11. Relación entre a competencia en galego e a competencia en castelán	95
3.12. Comparación da competencia en galego entre o MSG-92 e o MSG-04	97

3.13. Competencias multilingües no MSG-04.....	98
3.14. Influencia das variables sociolingüísticas e sociolóxicas nas competencias multilingües no MSG-04.....	99
3.14.1. Coñecemento doutras linguas segundo a idade	100
3.14.2. Coñecemento doutras linguas segundo a lingua inicial	101
3.14.3. Coñecemento doutras linguas segundo o hábitat de nacemento	102
3.14.4. Coñecemento doutras linguas segundo a lingua habitual	102
3.14.5. Coñecemento doutras linguas segundo a ocupación	104
3.14.6. Coñecemento doutras linguas segundo os ingresos	105
3.14.7. Coñecemento doutras linguas segundo o hábitat de residencia	105
3.14.8. Coñecemento dunha terceira lingua en Galicia	106
3.14.9. Coñecemento dunha cuarta lingua en Galicia	107
3.14.10. Coñecemento dunha quinta lingua en Galicia	107
3.15. Autopercepción da competencia multilingüe. Competencia lingüística en inglés e en francés	108
3.16. Síntese do capítulo	109
4. Ámbitos de adquisición do galego e do castelán	113
4.1. Introducción	113
4.2. Ámbitos de adquisición do galego no MSG-92.....	114
4.3. Ámbitos de adquisición do galego e do castelán no MSG-04	115
4.4. Comparación entre os ámbitos de adquisición do galego no MSG-92 e no MSG-04 (16-54 anos)	118
4.5. Determinantes sociolingüísticos e sociolóxicos da adquisición do galego a través da familia	121
4.5.1. Adquisición do galego única ou preferentemente no ámbito familiar segundo a lingua inicial ...	122
4.5.2. Adquisición do galego única ou preferentemente no ámbito familiar segundo a lingua habitual	123

4.5.3.	Adquisición do galego única ou preferentemente no ámbito familiar segundo o hábitat de nacemento	124
4.5.4.	Adquisición do galego única ou preferentemente no ámbito familiar segundo o hábitat de residencia	124
4.5.5.	Adquisición do galego única ou preferentemente no ámbito familiar segundo a cidade	125
4.5.6.	Adquisición do galego única ou preferentemente no ámbito familiar segundo o nivel de estudos	126
4.5.7.	Adquisición do galego única ou preferentemente no ámbito familiar segundo a idade	126
4.6.	Determinantes sociolingüísticos e sociolóxicos da adquisición do castelán a través da familia	127
4.6.1.	Adquisición do castelán única ou preferentemente no ámbito familiar segundo a lingua inicial ...	128
4.6.2.	Adquisición do castelán única ou preferentemente no ámbito familiar segundo a lingua habitual	129
4.6.3.	Adquisición do castelán única ou preferentemente no ámbito familiar segundo o hábitat de nacemento	129
4.6.4.	Adquisición do castelán única ou preferentemente no ámbito familiar segundo o hábitat de residencia	130
4.6.5.	Adquisición do castelán única ou preferentemente no ámbito familiar segundo a cidade	131
4.6.6.	Adquisición do castelán única ou preferentemente no ámbito familiar segundo o nivel de estudos	131
4.6.7.	Adquisición do castelán única ou preferentemente no ámbito familiar segundo o nivel de ingresos	132
4.6.8.	Adquisición do castelán única ou preferentemente no ámbito familiar segundo a idade	132
4.6.9.	Adquisición do castelán única ou preferentemente no ámbito familiar segundo o xénero	133
4.7.	Síntese comparativa dos determinantes sociais da adquisición familiar do galego e do castelán	134
4.8.	Síntese do capítulo	135
	REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS	137

ANEXO 1. CUESTIONARIO MSG-04	141
ANEXO 2. TÁBOAS DE LINGUA INICIAL	151
Táboa 2.1. Lingua inicial en Galicia	153
Táboa 2.2. Lingua inicial en concellos de menos de 5.000 habitantes	154
Táboa 2.3. Lingua inicial en concellos de 5.001 a 10.000 habitantes	155
Táboa 2.4. Lingua inicial en concellos de 10.001 a 20.000 habitantes	156
Táboa 2.5. Lingua inicial en concellos de 20.001 a 50.000 habitantes	157
Táboa 2.6. Lingua inicial en concellos de máis de 50.000 habitantes	158
Táboa 2.7. Lingua inicial na Coruña	159
Táboa 2.8. Lingua inicial en Ferrol.....	160
Táboa 2.9. Lingua inicial en Santiago de Compostela ...	161
Táboa 2.10. Lingua inicial en Lugo	162
Táboa 2.11. Lingua inicial en Ourense	163
Táboa 2.12. Lingua inicial en Pontevedra	164
Táboa 2.13. Lingua inicial en Vigo	165
ANEXO 3. TÁBOAS DE COMPETENCIA LINGÜÍSTICA	167
3.1. COMPETENCIA EN GALEGO	169
Táboa 3.1.1. Comprensión oral do galego en Galicia	171
Táboa 3.1.2. Expresión oral do galego en Galicia ...	172
Táboa 3.1.3. Comprensión escrita do galego en Galicia	173
Táboa 3.1.4. Expresión escrita do galego en Galicia	174
Táboa 3.1.5. Comprensión oral do galego en concellos de menos de 5.000 habitantes	175
Táboa 3.1.6. Expresión oral do galego en concellos de menos de 5.000 habitantes	176
Táboa 3.1.7. Comprensión escrita do galego en concellos de menos de 5.000 habitantes	177
Táboa 3.1.8. Expresión escrita do galego en concellos de menos de 5.000 habitantes	178

Táboa 3.1.9. Comprensión oral do galego en concellos de 5.001 a 10.000 habitantes	179
Táboa 3.1.10. Expresión oral do galego en concellos de 5.001 a 10.000 habitantes	180
Táboa 3.1.11. Comprensión escrita do galego en concellos de 5.001 a 10.000 habitantes	181
Táboa 3.1.12. Expresión escrita do galego en concellos de 5.001 a 10.000 habitantes	182
Táboa 3.1.13. Comprensión oral do galego en concellos de 10.001 a 20.000 habitantes	183
Táboa 3.1.14. Expresión oral do galego en concellos de 10.001 a 20.000 habitantes.....	184
Táboa 3.1.15. Comprensión escrita do galego en concellos de 10.001 a 20.000 habitantes	185
Táboa 3.1.16. Expresión escrita do galego en concellos de 10.001 a 20.000 habitantes	186
Táboa 3.1.17. Comprensión oral do galego en concellos de 20.001 a 50.000 habitantes	187
Táboa 3.1.18. Expresión oral do galego en concellos de 20.001 a 50.000 habitantes	188
Táboa 3.1.19. Comprensión escrita do galego en concellos de 20.001 a 50.000 habitantes	189
Táboa 3.1.20. Expresión escrita do galego en concellos de 20.001 a 50.000 habitantes	190
Táboa 3.1.21. Comprensión oral do galego en concellos de máis de 50.000 habitantes	191
Táboa 3.1.22. Expresión oral do galego en concellos de máis de 50.000 habitantes	192
Táboa 3.1.23. Comprensión escrita do galego en concellos de máis de 50.000 habitantes	193
Táboa 3.1.24. Expresión escrita do galego en concellos de máis de 50.000 habitantes	194
Táboa 3.1.25. Comprensión oral do galego na Coruña	195
Táboa 3.1.26. Expresión oral do galego na Coruña ...	196

Táboa 3.1.27. Comprensión escrita do galego na Coruña	197
Táboa 3.1.28. Expresión escrita do galego na Coruña	298
Táboa 3.1.29. Comprensión oral do galego en Ferrol	299
Táboa 3.1.30. Expresión oral do galego en Ferrol	200
Táboa 3.1.31. Comprensión escrita do galego en Ferrol	201
Táboa 3.1.32. Expresión escrita do galego en Ferrol ...	202
Táboa 3.1.33. Comprensión oral do galego en Santiago de Compostela	203
Táboa 3.1.34. Expresión oral do galego en Santiago de Compostela	204
Táboa 3.1.35. Comprensión escrita do galego en Santiago de Compostela	205
Táboa 3.1.36. Expresión escrita do galego en Santiago de Compostela	206
Táboa 3.1.37. Comprensión oral do galego en Lugo ...	207
Táboa 3.1.38. Expresión oral do galego en Lugo	208
Táboa 3.1.39. Comprensión escrita do galego en Lugo	209
Táboa 3.1.40. Expresión escrita do galego en Lugo ...	210
Táboa 3.1.41. Comprensión oral do galego en Ourense	211
Táboa 3.1.42. Expresión oral do galego en Ourense ...	212
Táboa 3.1.43. Comprensión escrita do galego en Ourense	213
Táboa 3.1.44. Expresión escrita do galego en Ourense	214
Táboa 3.1.45. Comprensión oral do galego en Pontevedra	215
Táboa 3.1.46. Expresión oral do galego en Pontevedra	216
Táboa 3.1.47. Comprensión escrita do galego en Pontevedra	217
Táboa 3.1.48. Expresión escrita do galego en Pontevedra	218
Táboa 3.1.49. Comprensión oral do galego en Vigo ...	219
Táboa 3.1.50. Expresión oral do galego en Vigo	220
Táboa 3.1.51. Comprensión escrita do galego en Vigo	221
Táboa 3.1.52. Expresión escrita do galego en Vigo ...	222

3.2. COMPETENCIA EN CASTELÁN.....	223
Táboa 3.2.1. Comprensión oral do castelán en Galicia	225
Táboa 3.2.2. Expresión oral do castelán en Galicia ...	226
Táboa 3.2.3. Comprensión escrita do castelán en Galicia	227
Táboa 3.2.4. Expresión escrita do castelán en Galicia	228
Táboa 3.2.5. Comprensión oral do castelán en concellos de menos de 5.000 habitantes	229
Táboa 3.2.6. Expresión oral do castelán en concellos de menos de 5.000 habitantes	230
Táboa 3.2.7. Comprensión escrita do castelán en concellos de menos de 5.000 habitantes	231
Táboa 3.2.8. Expresión escrita do castelán en concellos de menos de 5.000 habitantes	232
Táboa 3.2.9. Comprensión oral do castelán en concellos de 5.001 a 10.000 habitantes	233
Táboa 3.2.10. Expresión oral do castelán en concellos de 5.001 a 10.000 habitantes	234
Táboa 3.2.11. Comprensión escrita do castelán en concellos de 5.001 a 10.000 habitantes	235
Táboa 3.2.12. Expresión escrita do castelán en concellos de 5.001 a 10.000 habitantes	236
Táboa 3.2.13. Comprensión oral do castelán en concellos de 10.001 a 20.000 habitantes	137
Táboa 3.2.14. Expresión oral do castelán en concellos de 10.001 a 20.000 habitantes	238
Táboa 3.2.15. Comprensión escrita do castelán en concellos de 10.001 a 20.000 habitantes	239
Táboa 3.2.16. Expresión escrita do castelán en concellos de 10.001 a 20.000 habitantes	240
Táboa 3.2.17. Comprensión oral do castelán en concellos de 20.001 a 50.000 habitantes	241
Táboa 3.2.18. Expresión oral do castelán en concellos de 20.001 a 50.000 habitantes	242
Táboa 3.2.19. Comprensión escrita do castelán en concellos de 20.001 a 50.000 habitantes	243

Táboa 3.2.20. Expresión escrita do castelán en concellos de 20.001 a 50.000 habitantes	244
Táboa 3.2.21. Comprensión oral do castelán en concellos de máis de 50.000 habitantes	245
Táboa 3.2.22. Expresión oral do castelán en concellos de máis de 50.000 habitantes	246
Táboa 3.2.23. Comprensión escrita do castelán en concellos de máis de 50.000 habitantes	247
Táboa 3.2.24. Expresión escrita do castelán en concellos de máis de 50.000 habitantes	248
Táboa 3.2.25. Comprensión oral do castelán na Coruña	249
Táboa 3.2.26. Expresión oral do castelán na Coruña...	250
Táboa 3.2.27. Comprensión escrita do castelán na Coruña	251
Táboa 3.2.28. Expresión escrita do castelán na Coruña	252
Táboa 3.2.29. Comprensión oral do castelán en Ferrol	253
Táboa 3.2.30. Expresión oral do castelán en Ferrol ...	254
Táboa 3.2.31. Comprensión escrita do castelán en Ferrol	255
Táboa 3.2.32. Expresión escrita do castelán en Ferrol	256
Táboa 3.2.33. Comprensión oral do castelán en Santiago de Compostela	257
Táboa 3.2.34. Expresión oral do castelán en Santiago de Compostela	258
Táboa 3.2.35. Comprensión escrita do castelán en Santiago de Compostela	259
Táboa 3.2.36. Expresión escrita do castelán en Santiago de Compostela	260
Táboa 3.2.37. Comprensión oral do castelán en Lugo	261
Táboa 3.2.38. Expresión oral do castelán en Lugo.....	262
Táboa 3.2.39. Comprensión escrita do castelán en Lugo	263
Táboa 3.2.40. Expresión escrita do castelán en Lugo	264
Táboa 3.2.41. Comprensión oral do castelán en Ourense	265
Táboa 3.2.42. Expresión oral do castelán en Ourense	266
Táboa 3.2.43. Comprensión escrita do castelán en Ourense	267
Táboa 3.2.44. Expresión escrita do castelán en Ourense	268

Táboa 3.2.45. Comprensión oral do castelán en Pontevedra	269
Táboa 3.2.46. Expresión oral do castelán en Pontevedra	270
Táboa 3.2.47. Comprensión escrita do castelán en Pontevedra	271
Táboa 3.2.48. Expresión escrita do castelán en Pontevedra	272
Táboa 3.2.49. Comprensión oral do castelán en Vigo	273
Táboa 3.2.50. Expresión oral do castelán en Vigo	274
Táboa 3.2.51. Comprensión escrita do castelán en Vigo	275
Táboa 3.2.52. Expresión escrita do castelán en Vigo ...	276
ANEXO 4. TÁBOAS DE ÁMBITOS DE ADQUISICIÓN	277
4.1. ÁMBITOS DE ADQUISICIÓN DO GALEGO	279
Táboa 4.1.1. Ámbitos de adquisición do galego en Galicia	281
Táboa 4.1.2. Ámbitos de adquisición do galego en concellos de menos de 5.000 habitantes	282
Táboa 4.1.3. Ámbitos de adquisición do galego en concellos de 5.001 a 10.000 habitantes	283
Táboa 4.1.4. Ámbitos de adquisición do galego en concellos de 10.001 a 20.000 habitantes	284
Táboa 4.1.5. Ámbitos de adquisición do galego en concellos de 20.001 a 50.000 habitantes	285
Táboa 4.1.6. Ámbitos de adquisición do galego en concellos de máis de 50.000 habitantes	286
Táboa 4.1.7. Ámbitos de adquisición do galego na Coruña	287
Táboa 4.1.8. Ámbitos de adquisición do galego en Ferrol	288
Táboa 4.1.9. Ámbitos de adquisición do galego en Santiago de Compostela	289
Táboa 4.1.10. Ámbitos de adquisición do galego en Lugo	290
Táboa 4.1.11. Ámbitos de adquisición do galego en Ourense	291
Táboa 4.1.12. Ámbitos de adquisición do galego en Pontevedra	292
Táboa 4.1.13. Ámbitos de adquisición do galego en Vigo	293

4.2. ÁMBITOS DE ADQUISICIÓN DO CASTELÁN	295
Táboa 4.2.1. Ámbitos de adquisición do castelán en Galicia	297
Táboa 4.2.2. Ámbitos de adquisición do castelán en concellos de menos de 5.000 habitantes	398
Táboa 4.2.3. Ámbitos de adquisición do castelán en concellos de 5.001 a 10.000 habitantes	399
Táboa 4.2.4. Ámbitos de adquisición do castelán en concellos de 10.001 a 20.000 habitantes	300
Táboa 4.2.5. Ámbitos de adquisición do castelán en concellos de 20.001 a 50.000 habitantes	301
Táboa 4.2.6. Ámbitos de adquisición do castelán en concellos de máis de 50.000 habitantes	302
Táboa 4.2.7. Ámbitos de adquisición do castelán na Coruña	303
Táboa 4.2.8. Ámbitos de adquisición do castelán en Ferrol	304
Táboa 4.2.9. Ámbitos de adquisición do castelán en Santiago de Compostela	305
Táboa 4.2.10. Ámbitos de adquisición do castelán en Lugo	306
Táboa 4.2.11. Ámbitos de adquisición do castelán en Ourense	307
Táboa 4.2.12. Ámbitos de adquisición do castelán en Pontevedra	308
Táboa 4.2.13. Ámbitos de adquisición do castelán en Vigo	309

Introdución

Un dos trazos máis característicos das sociedades modernas é o seu dinamismo. As linguas son produto da actividade humana e non só están determinadas por ela, senón que acaban reflectíndoa na súa organización interna, no uso que delas fai a comunidade e no status que lles confire. A rapidez e facilidade coa que muda a situación das linguas na sociedade, especialmente nas que concorren varios idiomas, fai necesaria unha revisión periódica da mesma, para coñecer as tendencias dos cambios e intervir neles.

Tendo en conta o carácter dinámico das situacións sociolingüísticas e que nos últimos anos se produciron cambios importantes na sociedade galega, cumpría unha nova sondaxe sociolingüística que proporcionase información fiable e significativa da situación actual e da magnitude e natureza dos cambios ocorridos nos últimos anos. Transcorrido xa máis dun decenio da aplicación da enquisa que forneceu os datos para a elaboración do primeiro mapa sociolingüístico de Galicia (en diante MSG-92), realízase esta nova pescuda (en diante MSG-04) que debe servir para avaliar os logros das políticas lingüísticas levadas a cabo na última década e servir de guía para intervir naqueles ámbitos nos

que se requira corrixir erros, mellorar resultados e deseñar procesos de intervención acaídos á nova realidade.

Consonte o dito, a investigación que aquí se presenta persegue unha dobre finalidade: facer unha diagnose da actual situación sociolingüística galega comparándoa coa reflectida no MSG-92, e sentar as bases para futuras accións de cara á normalización do galego.

1

Metodoloxía

1.1. A mostra

Para a elaboración do MSG-92 deseñárase unha extensa mostra de 38.897 entrevistas. Daquela, cada unidade mostral estaba constituída por unha agrupación de concellos de características semellantes segundo o seu peso demográfico e a súa estrutura económica, agás no caso das sete grandes cidades, onde o concello equivalía a unha unidade mostral. O número de unidades mostrais foi de 34. O erro máximo probable en cada un destes sectores era do $\pm 3\%$, e o nivel de confianza do 95%. No seu conxunto, con todo, o erro máximo de mostraxe reducíase a $\pm 0,62\%$.

O panorama da situación sociolingüística que proporcionaba o MSG-92 tiña unha exhaustividade sen precedentes no estudo dunha lingua minorizada. Malia isto, coa unidade de representación baseada en sectores non se obtivo todo o aproveitamento esperado, pois algúns sectores, especialmente os integrados por concellos rurais, amosaban moi pouca variabilidade sociolingüística entre si.

Á vista desta escasa variabilidade, e co obxecto de optimizar a relación entre custo e beneficio sen renunciar ás esixencias da investigación científica,

no deseño da mostra do MSG-04 optouse por unha opción que reflectise a heteroxeneidade do universo obxecto de análise, pero que requirise un número menor de enquisas. En lugar de asumir a tipoloxía de sectores como unidades territoriais mínimas con representatividade estatística, no MSG-04 establecéronse estratos baseados no agrupamento de concellos segundo o seu tamaño poboacional. Ademais, decidiuse introducir aspectos novidosos que non foran previamente considerados, como:

1. Estudar a poboación de 15 a 54 anos, posto que a poboación obxecto de maior interese para os fins da planificación lingüística é aquela na que se adoita producir en maior número o cambio de lingua, así como aquela que ten unha maior potencialidade de transmitila. Este tramo de idade comprende dúas xeracións de suma importancia para o porvir da lingua: a máis nova, integrada por un sector moi dinámico e que representa o futuro; e a maior, na que se sitúan os pais e as nais, que son os axentes principais responsables da transmisión da lingua á súa descendencia.
2. De acordo coa evolución dos principais indicadores demográficos (IGE, 2004), decidiuse conceder maior atención ás áreas urbanas e suburbanas, polo que no deseño da mostra se estableceu unha marxe de erro menor cá dos restantes tipos de hábitat.
3. Estudos fundamentados en datos do MSG-92 amosaran a heteroxeneidade sociolingüística do ámbito urbano galego (Fernández, 1993, 2004; Cidadanía-Rede de Aplicacións Sociais, 2002; Seminario de Sociolingüística, 2003; Rei-Doval, 2004) polo que, de acordo con esta característica e co obxecto de poder realizar as comparacións pertinentes, a mostra do MSG-04 debería respectar na medida do posible as cotas de representatividade establecidas na mostra do MSG-92 para as sete maiores urbes galegas. Non obstante, as diferenzas entre o tamaño da poboación urbana de 1992 e de 2004 obrigaron a ter en conta os axustes necesarios.
4. O MSG-92 circunscribíase ao territorio administrativo galego e non incluía o galego estremeiro. O MSG-04 é a primeira investigación sociolingüística de carácter global que conta cunha mostra representativa dos concellos galegofalantes do

exterior de Galicia¹, aínda que existían algúns estudos parciais previos, coma o de Rubal, Veiga e Arza (1992).

Seguindo os criterios xerais mencionados resultou unha mostra total de 9.714 enquisas. Delas, 9.309 realizáronse no territorio administrativamente galego e as 405 restantes en concellos galegofalantes de Asturias, León e Zamora. No deseño da mostra contouse co asesoramento da empresa Sondaxe, adxudicataria do traballo de campo.

O universo base da mostra é de 1.509.518. Comprende a poboación de 15 a 54 anos que reside en Galicia, segundo o Censo de Poboación e Vivendas do ano 2001. O erro máximo probable da mostra para os datos globais de Galicia é $\pm 1,03\%$ e o nivel de confianza asignado do 95,5% (véx. o cadro 1.1).

A mostra estratificouse de acordo co volume poboacional dos concellos, resultando un total de 5 estratos. A marxe de erro de cada un deles oscilou entre $\pm 3,3\%$, nos estratos de 'menos de 5.000 habitantes' e 'de 5.001 a 10.000 habitantes' e $\pm 1,3\%$ no de 'máis de 50.000 habitantes'. O estrato de 'máis de 50.000 habitantes' volveuse estratificar para garantir a representatividade da mostra nas sete cidades galegas. Nelas, o erro oscilou entre $\pm 3,1\%$ (A Coruña) e $\pm 4,4\%$ (Ourense). Establecéronse cotas de xénero e idade de acordo coa distribución destas variables en cada un dos estratos. Nas cidades realizouse unha nova estratificación baseada nos distritos censuais. A cada distrito asignáronse inicialmente 100 enquisas, pero posteriormente houbo que axustar o número final para manter as proporcións de idade e xénero. O erro máximo permitido en cada sección foi do $\pm 10\%$. Como consecuencia deste deseño mostral, o número de entrevistas realizadas en cada urbe non foi homoxéneo, senón que variou en función do número de distritos censuais cos que contaba cada unha delas. Deste xeito, configuráronse submostras delimitadas territorialmente dentro de cada urbe, o que facilitará a posterior elaboración de diagnósticos específicos para cada cidade. Na táboa 1.1 amósase a distribución xeral da mostra segundo a súa estratificación por hábitat.

¹ Os resultados da submostra dos concellos de fóra de Galicia non se presentan neste informe.

Cadro 1.1. *Ficha técnica do MSG-04. Galicia*

Tipo de mostraxe: Aleatoria estratificada por agrupación de concellos segundo o número de habitantes.

Universo: 1.509.518 persoas de 15 a 54 anos residentes en Galicia.

Mostra: 9.309 enquisas.

Distribución: Cotas proporcionais de idade e xénero.

Erro de mostraxe: Para os datos globais, o erro máximo é de $\pm 1,03\%$.

Nivel de confianza: 95,5%.

Traballo de campo: agosto-outubro de 2004.

Táboa 1.1. *Distribución da mostra por hábitat e erro de mostraxe*

HÁBITAT (CONCELLOS)	UNIVERSO	MOSTRA	ERRO DE MOSTRAXE	
Menos de 5.000 habitantes	223.592	918	$\pm 3,3\%$	
De 5.001 a 10.000 habitantes	235.578	899	$\pm 3,3\%$	
De 10.001 a 20.000 habitantes	308.906	885	$\pm 3,4\%$	
De 20.001 a 50.000 habitantes	174.591	1.158	$\pm 2,9\%$	
Máis de 50.000 habitantes	A Coruña	138.112	1.019	$\pm 3,1\%$
	Ferrol	44.092	804	$\pm 3,5\%$
	Santiago	55.365	604	$\pm 4\%$
	Lugo	51.411	909	$\pm 3,3\%$
	Ourense	61.752	504	$\pm 4,4\%$
	Pontevedra	45.532	700	$\pm 3,7\%$
	Vigo	170.587	909	$\pm 3,3\%$
	Total	556.851	5.449	$\pm 2,9\%$
TOTAIS	1.509.518	9.309	$\pm 1,03\%$	

A distribución territorial da mostra segundo o concello e o hábitat é a que figura na táboa 1.2.

Táboa 1.2. Distribución territorial da mostra segundo o concello e o hábitat

HÁBITAT (CONCELLOS)	PROVINCIA			
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
Menos de 5.000 habitantes	Ares Boqueixón Cabanas Curtis Miño Oroso Trazo	O Corgo Friol Guntín Outeiro de Rei	Coles Maceda Maside Pereiro de Aguar A Peroxa San Cibrao das Viñas San Cristovo de Cea	Agolada Mondariz Pazos de Borbén Rodeiro
De 5.001 a 10.000 habitantes	Bergondo Carral Cedeira Cee Coristanco Pontedeume Sada Vedra	Ribadeo Burela	Barbadás Xinzo de Limia	A Guarda Salceda de Caselas Silleda Soutomaior
De 10.001 a 20.000 habitantes	Ames Betanzos Cambre Culleredo Fene Teo	Monforte Viveiro	O Barco de Valdeorras O Carballiño	Baiona Moaña Nigrán Ponteareas
De 20.001 a 50.000 habitantes	Arteixo Carballo Narón Oleiros	-	-	Cangas Lalín Redondela Vilagarcía
Máis de 50.000 habitantes	A Coruña Ferrol Santiago de Compostela	Lugo	Ourense	Pontevedra Vigo

A elección dos concellos representativos de cada estrato partiu dunha escolla aleatoria entre aqueles que en cada provincia compartían as características de tamaño poboacional requiridas. A selección das unidades últimas da mostraxe baseouse no sistema de rutas aleatorias. A escolla dun deseño mostral con maior nivel de fiabilidade nos sectores territoriais emerxentes (as áreas urbana e suburbana) obrigou a aplicar

un coeficiente de ponderación que lle devolvase a cada un dos estratos o seu peso real no conxunto da poboación galega.

Polo que se refire aos concellos estremeiros, deseñouse unha mostra representativa cun tamaño de 405 enquisas, distribuídas segundo cotas proporcionais de idade, xénero e provincia. Deste xeito, aplicáronse 268 en concellos de León (Cacabelos, Ponferrada, Veiga de Espiñareda, Vila de Cans e Vilafranca do Bierzo), 134 na zona occidental de Asturias (Castropol, Coaña, El Franco, Navia e Tapia de Casariego) e 3 en Zamora (Hermisende). No cadro 1.2 amósase a ficha técnica desta mostra estremeira.

Cadro 1.2. *Ficha técnica do MSG-04 dos concellos estremeiros*

<p><i>Tipo de mostraxe:</i> Aleatoria por cotas.</p> <p><i>Universo:</i> 66.966 persoas de 15 a 54 anos residentes en concellos limítrofes con Galicia (provincias de Asturias, León e Zamora).</p> <p><i>Mostra:</i> 405 persoas.</p> <p><i>Distribución:</i> Cotas proporcionais de idade e xénero.</p> <p><i>Erro de mostraxe:</i> Para os datos globais, o erro máximo é de $\pm 4,61\%$.</p> <p><i>Nivel de confianza:</i> 95,5%.</p> <p><i>Traballo de campo:</i> agosto-outubro de 2.004.</p>

1.2. O cuestionario

O cuestionario empregado no MSG-04 (véx. anexo I) partiu dunha análise e, nalgúns casos, revisión en profundidade do instrumento utilizado para o MSG-92. Dado que un dos obxectivos principais deste traballo é observar a evolución das principais tendencias no período transcorrido, mantivéronse aqueles ítems do MSG-92 considerados necesarios para a comparación ou para os obxectivos do MSG-04, se ben na procura dunha maior operatividade reduciuse o número de preguntas de 148 a 86.

Por outro lado, aínda que se respectou a estrutura xeral da versión anterior, concedéuselle unha menor importancia ás características sociolingüísticas dos ascendentes do entrevistado, e centrouse a atención, en cambio, na lingua presente nas principais redes de interacción persoal e nos diferentes ámbitos de uso. Sondáronse novos ámbitos de uso, como o vinculado ás tecnoloxías da información e comunicación.

No cuestionario anterior, redactado só en galego, priorizábase a procura de información sobre esta lingua, co que se podía estar provocando respostas que, influídas polo efecto de desexabilidade social, producisen resultados máis favorables ao galego. Para superar esta posible eiva, o novo cuestionario redactouse en galego, traducíuse ao castelán, e ofrecéuselle ao entrevistado a posibilidade de escoller a lingua da enquisa.

O cuestionario do MSG-04 sonda as competencias en galego, en castelán e en linguas estranxeiras, o que ademais de proporcionar nova información de interese non incorporada anteriormente, contribúe a contrarrestar os citados efectos de desexabilidade social.

No que se refire á análise das actitudes lingüísticas, a experiencia de estudos anteriores (Seminario de Sociolingüística, 2003) aconsellou reformular boa parte das preguntas. Tratouse de elaborar un instrumento que dese conta das dimensións fundamentais nas que se basean os individuos para valorar as linguas. Consultáronse diversas fontes (Baker, 1992; Madariaga, 1994; Lasagabaster, 2003; Loredó et alii., 2006) que estudan a importancia das motivacións na adquisición bilingüe e que atopan dúas dimensións fundamentais -integrativa e instrumental-, segundo as que os suxeitos amosan o seu grao de motivación na aprendizaxe das linguas. Por iso se incluíron novas preguntas que sondan a valoración do galego e do castelán nas dúas dimensións teóricas sinaladas. O cuestionario definitivo pilotouse nunha submostra de 100 individuos.

De cara á explotación dos datos, o grupo de investigación fixou varios obxectivos. Dun lado, resultaba imprescindible ter información referida ás diferentes dimensións investigadas (a lingua inicial, as competencias autopercebidas, os usos lingüísticos e as actitudes lingüísticas), de xeito que se puidese coñecer a evolución das principais tendencias no período de tempo transcorrido. Doutro, seguindo a liña iniciada no MSG-92, buscábase analizar a relación entre as variables de tipo lingüístico e o conxunto de variables de diversa índole (a idade, o nivel educativo, o tamaño do hábitat etc.) que influían nas primeiras.

Para tal obxecto, elaborouse un plan de explotación de datos que determinase cáles eran as variables que influían en maior grao nas de tipo lingüístico. Diversas análises estatísticas probaron a existencia de diferenzas significativas entre unhas e outras. No capítulo referido á lingua inicial, realizouse ademais unha análise multivariante que

permitted to detect profiles of individuals with similar sociolinguistic characterization. In the chapter on linguistic competencies, a multivariate analysis was also used to determine the relationship between skills in one language and another.

2

Lingua Inicial

2.1. Introducción

A lingua inicial² é un dos mellores indicadores da vitalidade dos idiomas que coexisten nas comunidades bilingües. A capacidade que teñen os grupos sociais para se reproduciren transmitindo os elementos culturais que lles son propios a través do proceso de socialización reflíctese tamén, dun xeito fidedigno, na distribución das linguas nas que os individuos aprenden a falar. A vitalidade demográfica, as migracións, a existencia de redes de apoio á transmisión, o prestixio da comunidade de falantes etc. inciden de forma determinante na lingua inicial. Así mesmo cando se dan alternativas efectivas para a elección³, a escolla da lingua de socialización no seo das familias adoita obedecer a un cálculo máis ou menos racional, influído por eses elementos⁴.

² De Vries (1990) considera a lingua inicial como un dos mellores indicadores de grupalidade lingüístico-cultural.

³ Entre outros elementos, é imprescindible dispor dunhas mínimas competencias bilingües.

⁴ A opción escollida polos ascendentes debe garantir a inserción plena do novo membro no seo da sociedade, polo que tenden a elixir aquela á que se lle presupón unha maior fiabilidade para acadar ese obxectivo.

2.2. Lingua inicial no MSG-92

Por lingua inicial no MSG-92 podíase entender, tanto aquela á que o individuo está exposto desde o seu nacemento no ámbito de crianza como a que este adquirira primeiramente (Seminario de Sociolingüística, 1994). Aínda que o ámbito principal de adquisición da lingua é a familia, a consideración sobre a crecente importancia de axentes externos de socialización levounos a contrastar a asociación existente entre lingua inicial e a lingua empregada polos proxenitores.

Os datos do MSG-92 amosaban un futuro preocupante para o galego. Aínda sendo a lingua maioritaria de adquisición primaria (o 60,3% dos enquisados aprendera a falar nesta lingua, fronte a un 27,2% que aprendera a falar en castelán), a súa capacidade de reproducirse socialmente quedaba comprometida por un retroceso progresivo en función da idade. Así, mentres o galego era a lingua inicial do 80,6% dos maiores de 65 anos, esta porcentaxe reducíase ao 36,7% nos menores de 25. Ademais, a perda de galegofalantes iniciais nos grupos máis novos estíbese acelerando.

Á incerta situación que reflectía a distribución da lingua inicial por idades había que engadirle a observada en función das restantes variables sociais. Neste sentido, o galego era a lingua inicial da práctica totalidade dos individuos que naceran en localidades rurais (o 85,8% no rural-II⁵), mentres que o era só do 16,7% dos que naceran nas cidades. Asociábase, preferentemente, ás clases sociais máis desfavorecidas (o 75,3% na clase baixa fronte ao 28,1% na media-alta), ás persoas sen estudos (o 92,6% nos que non tiñan ningún tipo de estudos fronte ao 19,1% nos licenciados universitarios) e, en xeral, aos traballadores sen cualificar (o 96,1% entre os labregos fronte ao 14,2% nos profesionais liberais).

O modelo sociodemográfico en curso, caracterizado pola perda progresiva de habitantes no medio rural, pola mellora xeneralizada do nivel educativo e pola esixencia dunha maior cualificación profesional da poboación viría a agravar esta tendencia regresiva do galego como lingua inicial.

⁵ O rural-II comprende hábitats de menos de 2.000 habitantes con asentamento disperso.

Tal e como veñen reflectindo os datos dos últimos Censos de Poboación e Vivendas, a estrutura social galega está a experimentar unha fonda transformación. O avellentamento da poboación constitúe o trazo máis salientable dos cambios que se están a producir. Entre os Censos de 1991 e de 2001 produciuse un incremento do 16% do segmento de 56 e máis anos sobre o total da poboación (IGE, 2003).

Tocante á distribución territorial, a poboación residente en municipios con menos de 10.000 habitantes descendeu, no período observado, un 7,4%. As cidades experimentaron tamén unha tendencia decrecente, retrocedendo en termos relativos un 3,9%. Pola contra, os concellos de tipo intermedio (de 10.001 a 50.000 habitantes) medraron nun 9,8%, como consecuencia da expansión das áreas metropolitanas das principais cidades e das vilas do corredor Atlántico.

En canto ao nivel de instrución, o grupo educativo que experimentou a maior variación foi o que cursou estudos de terceiro grao ('universitarios'), que dun peso do 5,7% sobre a poboación total en 1991 pasou a supor o 10,7% en 2001. Consonte estas transformacións, Galicia converxeu cara a unha estrutura económica de tipo terciario (Bell, 1976), ao pasaren do 45,01% ao 57,95% os ocupados no sector servizos. Desde un punto de vista demográfico, só o progresivo avellentamento da poboación galega podería ocultar o efecto das inercias que favorecían o proceso de substitución lingüística.

2.3. Lingua inicial no MSG-04

Nesta investigación considérase lingua inicial aquela ou aquelas nas que un suxeito sinala que aprendeu a falar. Aínda que se deron outras acepcións (Skutnabb-Kangas, 1984, 1988), este é o significado máis habitual. Outras definicións refírense á lingua que máis se domina, á que se emprega en maior medida ou aquela coa que máis se identifica o suxeito.

Para investigar esta variable, mantívose o mesmo enunciado do MSG-92, aínda que se modificaron as alternativas de resposta para adaptalo ás esixencias do MSG-04. As razóns destas modificacións foron, por un lado, a consideración de que a escala anterior podía favorecer que os enquisados se situaran no valor intermedio entre o galego e o castelán, e, por outro, que parecía recomendable optar por unha

pregunta idéntica á empregada para sondar a lingua habitual, xa que isto favorecía posteriores análises do fenómeno do cambio de lingua. O ítem quedou configurado por cinco categorías que recollen o monolingüismo inicial en galego e castelán, o bilingüismo con predominio dunha e outra lingua e a adquisición doutra/s lingua/s (véx. cadro 2.1 e 2.2).

Esta decisión, que ao noso parecer mellorou substancialmente a validez do instrumento de medida da lingua inicial, tería o inconveniente, non obstante, de limitar as interpretacións derivadas das comparacións entre os datos do MSG-92 e o MSG-04. Cómpre ter presente esta importante diferenza metodolóxica e, por tanto, interpretar coa cautela necesaria aqueles resultados que suxiran cambios bruscos dentro das principais tendencias referidas á adquisición inicial dunha e outra lingua.

Cadro 2.1. *Ítem empregado para sondar a lingua inicial no MSG-92*

P. 15. ¿En que lingua aprendeu a falar?	
Galego	1
Castelán	2
As dúas	3
Outras	4

Cadro 2.2. *Ítem empregado para sondar a lingua inicial no MSG-04*

P. 7. ¿En que lingua aprendeu a falar?	
Só galego	1
Máis galego	2
Máis castelán	3
Só castelán	4
Outras	5
NS/NC (non ler)	9

Neste capítulo analízanse os resultados do ítem “lingua inicial” na enquisa do MSG-04 e compáranse os máis significativos cos do MSG-92. Para facilitar a comprensión de cómo evolucionaron as tendencias no período transcorrido amósanse figuras baseadas na selección do mesmo tramo de idade nas dúas fontes de datos e para poder realizar a comparación cos resultados do MSG-92, optouse por recodificar as dúas opcións bilingües (‘máis galego ca castelán’ e ‘máis castelán ca galego’) nunha única categoría (‘as dúas’). Tras a análise comparativa das dúas fontes aplicáronse análises estatísticas bivariantes das que a seguir se presentan os resultados máis importantes, que indican a existencia de diferenzas estatisticamente significativas e que nos informan dos principais determinantes sociais da lingua inicial. Ao final do capítulo figura unha análise multidimensional na procura de perfís individuais

baseados na lingua inicial dos suxeitos. Para completar o contraste co MSG-92, no anexo II deste traballo recóllense as táboas de frecuencias correspondentes aos mesmos cruzamentos de variables que figuran naquel traballo.




Figura 2.1. Distribución da lingua inicial en Galicia no MSG-04

Como se pode apreciar na figura 2.1, a categoría con maior porcentaxe de respostas (o 36,2%) é 'só castelán'. Sumando este valor ao de 'máis castelán' pódese afirmar que o 62,1% dos galegos con idades comprendidas entre os 15 e os 54 anos aprendeu a falar única ou preferentemente nese idioma. Pola contra só un 35,7% o fixo só ou preferentemente en galego. Con todo, de se empregar un sistema de categorías similar ao da enquisa anterior, a opción maioritaria sería o bilingüismo inicial cun 41% de respostas. Trátase dun resultado que modifica claramente o obtido hai doce anos.




Figura 2.2. Comparativa da lingua inicial no tramo 16-54 anos no MSG-92 e MSG-04

A figura 2.2 amosa unha caída de 30,6 puntos (do 51,2% no MSG-92 ao 20,6% no MSG-04) na porcentaxe de galegofalantes iniciais correspondentes ao tramo de idade considerado⁶. Fronte a este retroceso do galego, a proporción de castelanfalantes iniciais medrou 22,6 puntos (do 13,6% no MSG-92 ao 36,2% no MSG-04). Os bilingües iniciais, que no MSG-92 constituían un grupo en alza, aumentaron tamén sensiblemente (6,6 puntos) e constitúen na actualidade o grupo máis numeroso (o 41%). Cómpre sinalar tamén que a proporción de persoas que aprenderon a falar noutras linguas case se triplicou.

A comparativa dos dous momentos considerados indica a dimensión que acadou o proceso de substitución lingüística durante a última década. O grupo de monolingües iniciais en galego pasou do primeiro lugar a ocupar o terceiro, moi afastado das dúas opcións maioritarias: a 20,4 puntos do bilingüismo inicial e a 15,6 do monolingüismo en castelán. A análise en profundidade das variables máis relacionadas coa lingua inicial axudará a interpretar a natureza deste fenómeno.

⁶ É necesario ter sempre presente que a diferenza metodolóxica dos ítems utilizados obriga a interpretar as comparacións coa cautela necesaria. Non obstante, a forte diferenza abonda para ter moi en conta a dimensión do fenómeno.

2.4. Análise das variables relacionadas coa lingua inicial no MSG-04: determinantes sociais da transmisión lingüística

Para establecer qué variables inflúen en maior medida na lingua inicial dos individuos e, deste xeito, determinar qué factores poderían incidir na transmisión lingüística, aplicouse o estatístico Tau-b de Kendall (τ), baseado na análise das diferenzas entre os valores observados e os valores esperados das variables implicadas. Tomouse a lingua inicial como variable dependente, e, como independentes, un amplo abano de variables que hipoteticamente poderían estar relacionadas coa lingua inicial. Aínda que non é propiamente unha técnica de dependencia, esta análise proporciona información de interese sobre o grao de intensidade e a dirección da relación existente entre as variables de columna e fila.

Táboa 2.1. *Determinantes sociais e sociolingüísticos da lingua inicial*

	τ	sig. aproximada
lingua da nai con Vde.	-87,106	<0,001
lingua do pai con Vde.	-86,612	<0,001
hábitat de nacemento	52,229	<0,001
hábitat de residencia	25,548	<0,001
nivel estudos	22,124	<0,001
idade	-10,377	<0,001
ocupación	-7,769	<0,001
xénero	4,533	<0,001
escala ingresos	3,720	<0,001

Como se pode apreciar na táboa 2.1, as variables máis relacionadas coa lingua inicial foron, por esta orde: a “lingua da nai con Vde.” [$\tau = -87,106$ ($p < 0,001$)], a “lingua do pai con Vde.” [$\tau = -86,612$ ($p < 0,001$)], o “hábitat de nacemento” [$\tau = 52,229$ ($p < 0,001$)], o “hábitat de residencia” [$\tau = 25,548$ ($p < 0,001$)], o “nivel de estudos” [$\tau = 22,124$ ($p < 0,001$)], e, xa en menor grao, a “idade” [$\tau = -10,377$ ($p < 0,001$)], a “ocupación” [$\tau = -7,769$ ($p < 0,001$)], o “xénero” [$\tau = 4,533$ ($p < 0,001$)] e os “ingresos” [$\tau = 3,720$ ($p < 0,001$)].

Os suxeitos que teñen o galego como lingua inicial son, preferentemente, os que descenden de nais e pais que falan/ban con eles nesta lingua, naceron e residen en localidades cun tamaño poboacional

pequeno⁷, teñen un nivel de estudos primarios e unha posición baixa nas escalas ocupacional e de renda. Ademais, a adquisición inicial do galego predomina lixeiramente nos varóns con respecto ás mulleres.

Coincidindo cos resultados de estudos anteriores (Maurand, 1981; Rubal, 1985) a lingua dos pais e nais coa súa descendencia explicaría en gran medida a lingua inicial dos suxeitos. Analizamos este fenómeno mediante o cálculo do coeficiente de correlación de Pearson (véx. táboa 2.2)⁸

Táboa 2.2. *Correlacións de Pearson: “lingua inicial”, “lingua da nai con Vde.” e “lingua do pai con Vde.”*

		Lingua inicial	Lingua nai con vde	Lingua pai con vde
Lingua inicial	Correlación de Pearson	1	,679**	,669**
	Sig. (bilateral)	,	,000	,000
	N	9086	8928	8800
Lingua nai con vde	Correlación de Pearson	,679**	1	,913**
	Sig. (bilateral)	,000	,	,000
	N	8928	9064	8886
Lingua pai con vde	Correlación de Pearson	,669**	,913**	1
	Sig. (bilateral)	,000	,000	,
	N	8800	8886	8932

** . A correlación é significativa ao nivel 0,01 (bilateral).

Os resultados indican que a “lingua da nai con Vde.” explica arredor dun 50% da variabilidade da lingua inicial ($r=0,679$; $r^2=0,46$). Entre as hipóteses que poderían explicar esa variación non explicada pola lingua dos proxenitores, figuran dous tipos de fenómenos. Por un lado, é probable que a lingua que, segundo os entrevistados, falan/ban con eles ou elas os proxenitores non coincida coa que estes escolleran nos momentos

⁷ As variables ‘hábitat de nacemento’ e ‘hábitat de residencia’ unicamente toman como indicador o número de habitantes do concello. Este é o indicador máis sinxelo para diferenciar os hábitats rural e urbano e é o que se emprega con maior frecuencia desde os institutos oficiais de estatística (García do Campo 2003).

⁸ O coeficiente de correlación de Pearson utilízase para cuantificar a forza da relación entre dúas variables cuantitativas. Este coeficiente (r) oscila entre -1 e +1. Unha correlación próxima a ‘cero’ indica que non hai unha relación lineal entre as dúas variables. Un valor de ‘1’ indica unha relación positiva perfecta. O coeficiente de determinación (r^2) oscila entre 0 e 1.

iniciais da socialización. Esta explicación non pode ser contrastada neste estudo, xa que no cuestionario non se preguntaba pola lingua que falaban os ascendentes cando o enquisado era pequeno. Por outro lado, tamén está a hipótese relacionada coa crecente importancia que teñen os axentes externos de socialización e a súa posible influencia na adquisición primaria dunha lingua diferente á empregada polos proxenitores.

Cómpre sinalar que estas posibles explicacións son unicamente hipóteses de traballo e que deberán someterse a verificación rigorosa en futuras investigacións, dada a súa relevancia para comprender as dinámicas da transmisión lingüística en Galicia.

2.4.1. *Lingua inicial segundo a lingua que fala a nai co suxeito*

A comparación dos grupos de barras formados polas categorías ‘só castelán’ e ‘só galego’, referidas á lingua empregada pola nai amosa que a correspondencia entre a lingua falada polas nais monolingües en castelán e a que adquiriron inicialmente os fillos acada o 71,3%, correspondencia que no caso das nais monolingües en galego descende ao 51,4% (véx. figura 2.3). É dicir, 7 de cada 10 suxeitos aos que a nai lles fala/ba só en castelán sinalan ‘só castelán’ como lingua inicial. Pola contra, unicamente 5 de cada 10 suxeitos aos que a nai lles fala/ba ‘só galego’ consideran que a súa lingua inicial é ‘só galego’.

Polo que se refire ao bilingüismo de ‘máis galego’, só o 30% mantén esta opción lingüística, mentres que o 57,2% sinala que aprendeu a falar ‘só castelán’ ou ‘máis castelán’. Pola contra, a descendencia de nais que falan ‘máis castelán’ mantén esta opción nun 53,8% e cambia a ‘só galego’ ou ‘máis galego’ unicamente o 6,9%.

As diferenzas atopadas mostran unha maior retención do castelán na descendencia de nais castelanfalantes fronte a unha tendencia ao cambio na descendencia de nais galegofalantes. Estas tendencias poderían indicar que moitas nais galegofalantes incorporaron o castelán nos momentos iniciais de socialización dos fillos e que, unha vez pasada esa etapa, volveron a utilizar máis o galego na súa relación con eles. Tamén se poderían deber á existencia de inercias castelanizadoras alleas ao ámbito familiar que incidisen negativamente na adquisición primaria do galego.

No grupo daqueles a quen a nai lles fala/ba ‘outras linguas’, a correspondencia é similar á que se atopa no grupo de descendentes de nais castelanfalantes.




Figura 2.3. *Lingua inicial segundo a lingua que fala/ba a nai co suxeito no MSG-04*

2.4.2. Lingua inicial segundo a lingua que fala o pai co suxeito

A tendencia observada no apartado anterior, produto do cruzamento entre as variables “lingua inicial” e “lingua da nai con Vde.” resulta aínda máis visible no cruzamento entre a “lingua inicial” e a “lingua do pai con Vde.”. Existe unha relación moito máis alta entre a “lingua inicial” e a lingua que lle fala o pai cando a lingua falada polo pai é o castelán que cando é o galego. Só o 49,7% dos individuos aos que o pai lles fala ou falou só galego reteñen o galego como lingua inicial; en cambio, o 72,5% dos fillos aos que o pai lles fala só en castelán manteñen o castelán como lingua inicial (véx. figura 2.4).




Figura 2.4. *Lingua inicial segundo a lingua que fala/ba o pai co suxeito no MSG-04*

Preto da cuarta parte (o 24,6%) dos individuos aos que o pai lles fala/ba só en galego declara que adquiriu preferentemente ou de forma

única o castelán como lingua inicial, mentres que só o 3,7% daqueles aos que lles falan/ban unicamente en castelán sinala que aprendeu a falar preferentemente ou de xeito exclusivo en galego. Esta tendencia resulta máis evidente se se toman en consideración os suxeitos que adquiren nalgunha medida unha lingua diferente á paterna. Así o 49,5% dos enquisados aos que o seu pai lles fala/ba 'só galego' adquiriu nalgunha medida o castelán. No entanto a porcentaxe de suxeitos que adquiriron nalgunha medida o galego pese a que o pai lles fala/ba 'so castelán' descende ao 26%.

Os cruzamentos das opcións paternas bilingües seguen a mesma tendencia sinalada: o uso preferente do castelán leva parella unha maior escolla desta opción ca no caso do uso preferente do galego.

Para explicar as diferenzas atopadas véxanse as explicacións no apartado anterior (2.4.1).

2.4.3. Lingua inicial segundo o hábitat de nacemento

O MSG-92 xa evidenciara a importancia do hábitat de nacemento na caracterización lingüística dos suxeitos e, en particular, na lingua inicial. As dinámicas demográficas que, sobre todo desde a segunda metade do século XX, veñen mudando a composición tipicamente rural da poboación galega constitúen un dos elementos estruturais do proceso substitutivo. Os novos datos obtidos redundan nesta relación e amosan a forte asociación existente entre a adquisición primaria da lingua galega e o nacemento en concellos con menos de 10.000 habitantes (véx. figura 2.5).




Figura 2.5. Lingua inicial segundo o hábitat de nacemento no MSG-04

Como se pode ver na figura 2.5, a presenza de galegofalantes iniciais segue unha tendencia decrecente conforme medra o tamaño demográfico da localidade de nacemento dos suxeitos. En cambio, a porcentaxe de castelanfalantes iniciais aumenta progresivamente conforme se incrementa o número de habitantes. Esta pauta amósana tanto as opcións monolingües como as opcións bilingües da lingua inicial. O 74,5% (agrupando as categorías de ‘só galego’ e ‘máis galego’) dos suxeitos nados en concellos con menos de 5.000 habitantes, fronte ao 21% dos nados en entidades de máis de 50.000, aprenderon a falar só ou preferentemente en lingua galega.

Cómpre salientar o brusco descenso de galegofalantes iniciais que se dá entre as localidades ‘de 5.001-10.000’ e as de tamaño inmediatamente superior ‘de 10.001-20.000 habitantes’. A diferenza de galegofalantes iniciais entre estes dous grupos de localidades, sumando as opcións ‘só galego’ e ‘máis galego’, supera os 20 puntos porcentuais. As localidades ‘de 10.001 a 20.000 habitantes’ son as máis heteroxéneas desde o punto de vista da distribución da lingua inicial. Nelas rexístrase unha maior proporción de monolingües iniciais en castelán ca nos núcleos cun número de habitantes inmediatamente superior (o 32% na categoría ‘de 10.001 a 20.000’ fronte ao 29,8% da categoría ‘de 20.001-50.000’). É ademais nestas localidades onde se produce o salto no predominio de galegofalantes iniciais ao de castelanfalantes iniciais (o 61,6% sumando as opcións de ‘só castelán’ e ‘máis castelán’ (véx. figura 2.5).

Para sondar a evolución da lingua inicial segundo o hábitat de nacemento, amósase a seguir o resultado do cruzamento de ambas as variables nas dúas mostras obxecto de comparación⁹ (véx. figura 2.6 e 2.7).

⁹ Cómpre sinalar que a variable “hábitat” utilizada no anterior MSG consideraba, ademais do número de habitantes do concello, a súa estrutura socioeconómica, a distancia xeográfica da cabeceira urbana e a dispersión xeográfica, polo que as comparacións deben ser tomadas coa necesaria cautela. Daquela a etiqueta ‘urbano’ agrupaba as sete grandes cidades galegas; o ‘periurbano’ estaba conformado por concellos cunha dependencia forte dos núcleos urbanos; ‘vilas’ designaba os concellos de entre 4.999 e 39.000 habitantes; o ‘rural-I’ comprendía os núcleos de menos de 2.000 habitantes con trazos propios dos núcleos urbanos (rúas, prazas, rede de sumidoiros, bancos etc.) e o ‘rural-II’, con similar tamaño e asentamento disperso (Seminario de Sociolingüística, 1994).




Figura 2.6. Lingua inicial segundo o hábitat de nacemento no MSG-92




Figura 2.7. Lingua inicial segundo o hábitat de nacemento no MSG-04

Ao realizar as comparacións cos datos do MSG-92 hai que recordar unha vez máis que se están contrastando resultados con categorías de resposta diferentes. En calquera caso, percíbese un importante crecemento do bilingüismo inicial en todos os hábitats de nacemento.

O cruzamento da lingua inicial co hábitat de nacemento revela, polo tanto, a importante relación que xoga o continuo rural-urbano na distribución das dúas linguas en contacto en Galicia. Nun extremo deste estarían as localidades con ‘menos de 5.000 habitantes’, e no outro, as de ‘máis de 50.000 habitantes’: preto da metade dos nados nas primeiras é monolingüe inicial en galego, e nas segundas, máis do 40% é monolingüe inicial en castelán.

Cómpre destacar a acusada perda de galegofalantes iniciais que se produciu nos ámbitos rurais no período observado, o que leva a reparar no feito de que o proceso de substitución lingüística tamén está a afectar a un contorno que, ata agora, permanecera relativamente impermeable á penetración do castelán.

2.4.4. Lingua inicial segundo o hábitat de residencia

No MSG-92, o hábitat de residencia introducía importantes diferenzas na distribución da lingua inicial, e puña de manifesto a importancia do factor territorial na transmisión lingüística. No MSG-04 vólvese observar este fenómeno, tal e como quedou reflectido nas puntuacións de τ (véx. táboa 2.1). A seguir amósase o resultado do cruzamento entre ambas as dúas variables (véx. figura 2.8).




Figura 2.8. Lingua inicial segundo o hábitat de residencia no MSG-04

Como se aprecia na figura 2.8, a proporción de galegofalantes iniciais (suma de ‘só galego’ e ‘máis galego’) tende a minguar conforme aumenta o tamaño do municipio de residencia. Esa tendencia decrecente resulta especialmente acusada no paso das localidades de ‘menos de 5.000 habitantes’ (o 64,5%) ás ‘de 10.001 a 20.000 habitantes’ (o 31,1%). A pesar disto, cómpre salientar a excepción que supón dentro desta característica o paso do tramo ‘de 10.001 a 20.000 habitantes’ ao inmediatamente superior, ‘de 20.001 a 50.000 habitantes’, no que se produce unha certa recuperación de galegofalantes iniciais motivada polo incremento dos bilingües iniciais con predominio do galego.

En calquera caso, a distancia entre os extremos da escala seguen sendo evidentes. Mentres o 64,5% dos residentes en localidades con ‘menos de 5.000 habitantes’ é galegofalante inicial, contando as opcións ‘só galego’ e ‘máis galego’, esa porcentaxe redúcese ao 23,6% nas

localidades de ‘máis de 50.000 habitantes’¹⁰. De novo, as categorías situadas nos dous extremos do continuo resultaron ser máis homoxéneas en canto á distribución da lingua inicial.




Figura 2.9. Lingua inicial segundo o hábitat de residencia no MSG-92, tramo 16-54 anos




Figura 2.10. Lingua inicial segundo o hábitat de residencia no MSG-04, tramo 16-54 anos

A comparación dos resultados das figuras 2.9 (MSG-92) e 2.10 (MSG-04) suxire de novo un incremento do bilingüismo inicial durante o período transcorrido (véx. nota 10). As localidades de tipo medio e pequeno son as que experimentaron maiores mudanzas. No hábitat de ‘máis de 50.000 habitantes’, que se corresponde coa etiqueta ‘urbano’ do MSG-92, o bilingüismo inicial medrou 24,8 puntos.

O poderoso influxo demográfico, económico, simbólico e cultural que exercen as cidades no conxunto da poboación galega¹¹ obriga a realizar unha descrición polo miúdo da situación sociolingüística neste medio. Velaquí os resultados da distribución da lingua inicial nas sete grandes cidades no MSG-04.

¹⁰ Estas localidades correspóndense coas sete grandes cidades galegas.

¹¹ Aínda que os últimos censos reflicten, en termos xerais, un certo retroceso da poboación urbana, as cidades exercen unha importante atracción demográfica, visible na emerxencia das áreas metropolitanas (Precedo Ledo, 1996).




Figura 2.11. *Lingua inicial nas sete cidades galegas no MSG-04*

A figura 2.11 mostra un claro predominio do castelán nas sete grandes cidades de Galicia, especialmente en Ferrol e Vigo. En todas elas a resposta maioritaria corresponde ás categorías 'só castelán' e, a seguir, 'máis castelán', se ben con diferenzas dunhas a outras. Sumando as dúas opcións de resposta referidas ao castelán obsérvase que a proporción de castelanfalantes iniciais en ningunha cidade baixa do 58,1% de Lugo.


Con todo, existe unha ampla tipoloxía de perfís, produto das diferentes porcentaxes que acada cada unha das cinco opcións de resposta, o que constata a complexidade sociolingüística do medio urbano galego (Fernández, 1993, 2004; Seminario de Sociolingüística, 2003). Así, Ferrol resulta a cidade máis castelanizada en canto aos usos iniciais, pois preto do 70% da poboación con idades comprendidas entre os 15 e os 54 anos aprendeu a falar só en castelán. Sumando as opcións 'só castelán' e 'máis castelán' obsérvase que a proporción de persoas que adquiriron de maneira única ou preferente o castelán ascende ao 84,5%. Séguenlle Vigo co 80,9%, A Coruña co 77,4% e Pontevedra co 73,2%. Aínda que, de se adoptar o sistema de categorías do anterior MSG, Pontevedra sería a terceira cidade máis castelanizada no tocante á adquisición primaria da lingua.

Pola contra, as maiores proporcións de galegofalantes iniciais sumando as opcións 'só galego' e 'máis galego' preséntanas Lugo co 40%, Santiago co 35,1% e Ourense co 31%.

O MSG-92 só ofrecía en detalle os resultados de tres das sete cidades galegas (A Coruña, Santiago e Pontevedra), polo que non era posible contar cunha panorámica completa do ámbito urbano galego. Foron traballos posteriores os que acometeron análises específicas deste ámbito e elaboraron tipoloxías que reflectían a heteroxeneidade sociolingüística das cidades. Nunha análise realizada sobre os datos urbanos do MSG-92 (Fernández, 1993) observouse que Ferrol, Vigo e A Coruña resultaban as cidades máis asociadas á adquisición inicial do castelán. Santiago, Lugo e, en menor grao, Ourense relacionábanse máis co galego, mentres que Pontevedra non mostraba asociación con ningunha das opcións da lingua inicial.

Dado que un obxectivo principal deste traballo é contrastar a evolución dos principais indicadores sociolingüísticos no período transcorrido desde a publicación do MSG-92, ofrécense a seguir dúas gráficas (véx. figuras 2.12 e 2.13) que ilustran a evolución da lingua inicial nas sete cidades. Para obtelas utilizouse unha técnica de análise estatística multivariante denominada *Análise de Correspondencias*, empregada xa anteriormente noutros traballos¹². Ao dispor agora de novos datos xa é posible realizar comparacións entre os dous momentos sondados, tomando como referencia o grupo de 16 a 54 anos. As leves diferenzas que se aprecian entre o noso modelo e o obtido por Fernández (1993) son produto de extraer no noso caso o grupo de 16-54 anos da mostra do MSG-92.

¹² Trátase dunha técnica axeitada para observar nun mapa perceptual a asociación existente entre dúas variables nominais, pois parte dos valores de chi-cadrado (χ^2) procedentes dunha tabulación cruzada. Para unha revisión da súa aplicación no ámbito da sociolingüística galega véx. Fernández (1993, 2004); e Seminario de Sociolingüística (2003).



AC: A Coruña; F: Ferrol. S: Santiago; L: Lugo; O: Ourense; P: Pontevedra; V: Vigo

Figura 2.12. *Lingua inicial nas sete cidades galegas. Resultados dunha análise de correspondencias cos datos do MSG-92 (16-54 anos)*

Para a obtención deste modelo optouse polo método de normalización simétrica, que permite describir ao mesmo tempo as relacións existentes entre as categorías das dúas variables seleccionadas. Prescindiuse de métodos alternativos que dan prioridade ás puntuacións das categorías en función dunha ou doutra variable.


Na solución obtida pola análise de correspondencias, a primeira dimensión (eixe horizontal) explica o 86,7% da varianza e a segunda (eixe vertical) o 13,3%. Como se pode ver na gráfica de dispersión, esta primeira dimensión opón as alternativas ‘galego’, nos cuadrantes da dereita, e ‘castelán’, nos cuadrantes da esquerda, da variable “lingua inicial”.

Para interpretar correctamente esta gráfica débese ter presente que as categorías de columna (cidades) que aparecen máis extremas en cada un dos eixes son as que se asocian en maior medida coas categorías de fila (alternativas da variable “lingua habitual”) que definen as dimensións.

As cidades que aparecen asociadas ao galego como lingua inicial son, por esta orde, Santiago e Lugo. Pontevedra, que se sitúa no cuadrante correspondente á opción ‘galego’, apenas amosa peso na dimensión, isto é, mantén unha asociación difusa coas diferentes alternativas de

resposta. Na parte esquerda do eixe horizontal, xunto coa opción de resposta ‘castelán’, aparecen, por esta orde, Ferrol, Vigo e, moi próxima, A Coruña. Por outro lado, asociada á opción ‘as dúas’ aparece Ourense, que amosa un notable peso na dimensión vertical.

Así pois, segundo os datos que proporcionaba o MSG-92, o cruzamento entre a lingua inicial e as sete grandes cidades galegas daba lugar a tres perfís específicos: un referido ás cidades onde predominan os galegofalantes iniciais (Santiago e Lugo); outro no que predominan os castelanfalantes iniciais (Ferrol, Vigo e A Coruña), e un terceiro no que predominan os bilingües iniciais (Ourense), se ben neste son tamén numerosos os que adquiriron o galego. Pontevedra non aparecía representada nesta tipoloxía xa que nesta cidade as diferentes alternativas de resposta teñen proporcións bastante semellantes.



AC: A Coruña; F: Ferrol. S: Santiago; L: Lugo; O: Ourense; P: Pontevedra; V: Vigo

Figura 2.13. *Lingua inicial nas sete cidades galegas. Resultados dunha análise de correspondencias cos datos do MSG-04 (16-54 anos)*

A figura 2.13 mostra o resultado da análise de correspondencias cos datos do MSG-04. A solución obtida revela unha maior complexidade no resultado do cruzamento entre “lingua inicial” e “cidade” cá que se aprecia na figura 2.12 do MSG-92.

A primeira dimensión (eixe horizontal) explica unha proporción de varianza do 78,5%, mentres que a segunda (eixe vertical) explica unha

proporción do 21,5%. As opcións lingüísticas que definen a dimensión principal, a que se sitúa no eixe horizontal, son nos cuadrantes da dereita o 'castelán' e nos cuadrantes da esquerda o 'galego', pero cun elevado peso tamén na dimensión vertical. As cidades que se asocian ao predominio de adquisición do castelán son Ferrol e, en menor medida, Vigo. Asociadas á adquisición do galego, aparecen Lugo e, en menor medida, Santiago e Ourense.

Polo que se refire á segunda dimensión, representada polo eixe vertical, as opcións lingüísticas que a definen son, no polo positivo o 'bilingüismo' e no polo negativo o 'galego'. Ourense aparece cun peso considerable nesa dimensión e tamén asociada ao galego e, mudando notablemente a súa posición con respecto aos datos do MSG-92, aparece A Coruña asociada ao bilingüismo. Pontevedra amosa de novo un peso escaso nas dúas dimensións.

A comparación das dúas gráficas suxire un cambio considerable na distribución da lingua inicial en dúas das sete cidades galegas. Os maiores cambios aparecen na Coruña, onde adquire maior protagonismo o bilingüismo, e Santiago, que se afasta lixeiramente da opción referida ao galego. Ferrol e Vigo manteñen a súa asociación co castelán, Lugo co galego e Ourense co bilingüismo. Destes resultados despréndese a importancia das dinámicas internas de cada cidade na evolución das principais tendencias sociolingüísticas¹³. Cumpriría unha análise máis fonda que indicase o papel que xogan os determinantes socioestruturais das cidades na evolución das principais tendencias sociolingüísticas, mais ese labor deberá encomendarse a futuras investigacións porque transcende os obxectivos do presente traballo.

¹³ A modo de exemplo, as cidades galegas presentan importantes peculiaridades en canto á súa estrutura demográfica. Tendo en conta os datos de Indicadores de Poboación do ano 2005 (IGE, 2006), obsérvase que as cidades máis asociadas ao uso do galego son tamén as que reflicten un índice de avellentamento máis alto. Neste sentido, Lugo (cun índice do 198,6) e Ourense (índice do 195,5) atópanse entre as cidades máis galeguizadas, pero son tamén as máis avellentadas, superando o índice medio do conxunto de Galicia (130,4). Vigo (o índice de avellentamento é do 89,1) e Ferrol (o índice é do 96,4) comparten, pola contra, as maiores proporcións de castelanfalantes e pesos da poboación anciá moi inferiores á media galega. Santiago rompe esta tendencia amosando un índice de avellentamento relativamente baixo (o 99,5) e unha proporción elevada de galeofalantes iniciais.

No estudo da influencia do hábitat na transmisión lingüística faise tamén necesaria unha achega ao comportamento lingüístico daquelas familias procedentes do contorno rural que migraron ás cidades ou ás súas áreas metropolitanas. Nunha vindeira publicación dos resultados do MSG-04, referida aos usos lingüísticos, analizarase de forma pormenorizada a lingua que escollen para a socialización dos fillos as persoas que cambiaron de hábitat de residencia.

2.4.5. Lingua inicial segundo o nivel educativo

Cómpre sinalar que o ítem referido ao nivel de estudos foi modificado con respecto ao empregado no MSG-92. Á parte da propia pregunta destinada a sondar esta cuestión, máis precisa no novo cuestionario, mudaron algunhas das categorías de resposta (véx. ítems no cadro 2.3 e 2.4).

Cadro 2.3. Ítem empregado para sondar o nivel de estudos no MSG-92

P. 13. ¿Que estudos ten feitos ou está facendo?	
Ningún	1
Primarios incompletos	2
Primarios completos	3
FP	4
Bacharelato	5
Carreira g. medio	6
Carreira g. superior	7
Outros estudos	8

Cadro 2.4. Ítem empregado para sondar o nivel de estudos no MSG-04

P. 82b. ¿Cales son os estudos oficiais de nivel máis alto que Vde. cursou (con independencia de que os rematase ou non)?	
Menos de 5 anos de escolarización	1
Educación primaria de LOGSE (± antiga EXB)	2
ESO ou Bacharelato elemental (± antigo BUP)	3
Formación profesional de grao medio	4
Bacharelato de LOGSE (± antigo COU)	5
Formación profesional de grao superior	6
Arquitecto técnico ou enxeñeiro técnico	7
Diplomado	8
Arquitecto ou enxeñeiro superior	9
Licenciado	10
Estudios de postgrao ou especialización	11
N.C. (NON LER)	12

Os cambios afectaron, sobre todo, ás antigas categorías 'ningún' e 'primarios incompletos', que foron substituídas pola categoría 'menos de 5 anos de escolarización', e á antiga 'outros estudos', que desapareceu da nova enquisa. Polo demais, as alternativas referidas aos niveis de ensino homologáronse ás do actual sistema educativo. Aínda que se

engadiron categorías destinadas a recoller correctamente as diferentes posibilidades que se dan actualmente no ensino, estas son compatibles coas empregadas no MSG-92. Deste xeito, transformando as variables correspondentes, é posible establecer comparacións entre eles.

No MSG-92 relacionábase a lingua inicial e o nivel educativo de forma que a maior proporción de galegofalantes iniciais correspondía aos suxeitos que acadaran os menores niveis de estudos. Dado que a lingua inicial informa fundamentalmente da bagaxe lingüística familiar dos suxeitos e non das súas propias escollas lingüísticas, a relación entre aquela e o nivel educativo debe entenderse como o produto da interacción polo menos de tres variables, unha de tipo lingüístico e dúas de tipo sociolóxico, o nivel educativo e, operando de xeito latente, a clase social de orixe. No MSG-92, o 93,1% dos suxeitos que non tiñan ningún tipo de estudos aprendera a falar en galego, fronte ao 42% dos que posuían estudos universitarios.

Os datos da nova enquisa seguen amosando unha forte asociación entre os niveis educativos máis baixos e a adquisición primaria do galego. Así, o 76,3% dos enquisados que non teñen estudos aprendeu a falar só ou maioritariamente en galego, mentres que esa porcentaxe se reduce ao 24,4% entre os que cursaron estudos universitarios (véx. figura 2.14).




Figura 2.14. Lingua inicial segundo o nivel educativo no MSG-04

A distribución de falantes que aprenderon a falar só ou maioritariamente en galego segue unha tendencia decrecente conforme medra o nivel educativo dos suxeitos. Neste sentido convén recordar que a figura 2.14 comprende todos os suxeitos da mostra, polo que cónpre

ter en conta a interacción das variables “nivel de estudos” e “idade”. Co obxectivo de illar o efecto do nivel educativo procedeuse a realizar unha selección dos suxeitos con idade suficiente para teren rematado o proceso educativo (26-54 anos). Seguiuse ademais este mesmo procedemento cos datos do anterior MSG para observar con maior detalle a evolución das tendencias. Utilizáronse para as comparacións as categorías de respostas de “lingua inicial” do MSG-92.




Figura 2.15. Lingua inicial segundo o nivel educativo no MSG-92 (26-54 anos)




Figura 2.16. Lingua inicial segundo o nivel educativo no MSG-04 (26-54 anos)

A comparación dos resultados das figuras 2.16 e 2.17 permite observar que durante o período transcorrido entre unha e outra sondaxe se mantivo a asociación entre adquisición inicial do galego e baixo nivel educativo. Non obstante, percíbense algunhas tendencias merecedoras de especial consideración. Dun lado, rexístrase unha perda na transmisión primaria do galego en todos os niveis educativos, e esta é especialmente intensa entre quen ten estudos de bacharelato ou primarios completos. Doutro, cómpre salientar o incremento de castelanfalantes iniciais nos niveis universitarios.

O feito de que o grupo social seleccionado na base de datos do MSG-04 para esta comparación aparecera xa analizado no MSG-92 (suxeitos con idades comprendidas entre os 26 e os 54 anos) obriga a interpretar de novo os cambios con certa cautela. Resulta difícil admitir que nunha ducia de anos un grupo social mudase de tal xeito a súa lingua inicial, polo que na explicación desas importantes diferenzas débese considerar a influencia do propio instrumento de medida empregado nun e outro momento. Co obxectivo de limitar o efecto producido polo emprego de ítems diferentes, calculáronse os valores das medias da lingua inicial en cada nivel educativo. O valor 3 correspóndese coa opción de monolingüismo en galego e o 1 coa opción de monolingüismo en castelán. Os resultados aparecen na figura 2.17.




Figura 2.17. *Lingua inicial segundo o nivel educativo (26-54 anos).*
Valores medios¹⁴

¹⁴ Os valores medios oscilan entre 1, asimilable á opción “castelán”, e 3, equiparable á alternativa “galego”. Denominámoslos valores medios para evitar confusións conceptuais coa media matemática, pois indican unha posición nunha escala ordinal.

As medias reiteran o retroceso da transmisión primaria do galego en todos os niveis educativos, sendo este especialmente marcado no grupo dos que cursaron estudos de bacharelato.

2.4.6. Lingua inicial segundo a idade

O MSG-92 puxo de manifesto unha relación directa entre a lingua inicial e a idade, de xeito que a medida que diminuía a idade diminuía tamén o galego como lingua inicial.




Figura 2.18. Lingua inicial segundo a idade

Tal e como se pode observar na figura 2.18, no MSG-04 mantéñense as tendencias citadas: a menor idade menor presenza de galego. Pola contra a única opción que medra conforme descende a idade é ‘máis castelán’, mentres que a única que diminúe tamén en todos os grupos é ‘máis galego’.

As categorías que experimentan maior variación en función da idade son ‘máis castelán’ (pasa do 32,5% no grupo máis novo ao 16,9% no maior) e ‘só galego’ (pasa do 30,8% no grupo a máis idade ao 16,6% no de menor idade), por esta orde. Tocante á primeira, duplícase a proporción de bilingües con predominio do castelán desde a xeración máis vella á máis nova. Polo que se refire á segunda, esta redúcese case á metade.

Para extraer conclusións verbo da evolución da lingua inicial dos galegos no período considerado é necesario equiparar os ítems e grupos de idade tomados en consideración nas dúas enquisas. Para isto,

préséntase a seguir unha gráfica que contén os valores en medias¹⁵ da lingua inicial nos diferentes grupos de idade e nos dous momentos sondados (véx. figura 2.19).




Figura 2.19. *Lingua inicial segundo a idade. Comparación das medias no MSG-92 e no MSG-04*

Como se pode ver na figura 2.19, os valores máis altos da media e, por tanto, as porcentaxes máis elevadas de galegofalantes iniciais corresponden nos dous momentos sondados ao grupo de 45 a 54 anos. Con todo, a media no MSG-92 era de 2,56 e estaba, xa que logo, próxima ao valor ‘galego’, mentres que no MSG-04 está situada no punto central, é dicir, no teórico valor de ‘as dúas’.

A pesar disto, fronte ao progresivo incremento da distancia que amosa cada grupo de idade, no tramo dos máis novos detéctase unha ruptura da tendencia descendente e unha redución desa distancia produto dunha feble recuperación de galegofalantes iniciais. Trátase dun fenómeno que están a amosar distintas fontes de información sociolingüística (IGE, 2003; IGE, 2004; Loredó e Suárez, 2005) e que, pola súa transcendencia deberá ser avaliado en futuras investigacións para ver se se consolida.

¹⁵ Os valores da media oscilan entre o 1, referido ás opcións ‘castelán’ e ‘só castelán’ das dúas enquisas, e o 3, referido ás opcións ‘galego’ e ‘só galego’. O valor central corresponde ao bilingüismo inicial.

2.4.7. Lingua inicial segundo a ocupación

O ítem dirixido a sondar a ocupación tamén sufriu importantes modificacións con respecto ao do MSG-92. Optouse pola adaptación dunha das medidas estandarizadas máis habituais da ocupación, a denominada Clasificación Nacional de Ocupacións (CNO), que facilita unha ordenación xerarquizada das diferentes ocupacións baseada fundamentalmente no nivel de formación requirido para o posto. O ítem do cuestionario anterior consistía nunha pregunta aberta que o entrevistador posteriormente codificaba baseándose nunha complexa tipoloxía de profesións. No cadro seguinte amósase o ítem empregado na nova enquisa (véx. cadro 2.5).

Cadro 2.5. Ítem empregado para sondar a ocupación no MSG-04

P. 84. ¿E cal é/era a súa actual/última ocupación ou oficio? É dicir, ¿en que consiste/tía especificamente o seu traballo?	
Profesionais, técnicos e similares	1
Membros do Goberno, altos directivos da Administración Pública e da empresa privada	2
Propietarios e xerentes de hostalería, comercio e agricultura	3
Cadros medios.....	4
Capataces e persoal encargado en actividades de servizos persoais.....	5
Persoal administrativo e similar	6
Comerciantes, vendedores e similares	7
Traballadores cualificados e semicualificados	8
Traballadores agrícolas e non cualificados non agrícolas	9
Profesionais das Forzas Armadas	10
Sen información suficiente	11
N.C.	12

A figura 2.20 amosa o resultado do cruzamento entre a lingua inicial e a ocupación:




Figura 2.20. *Lingua inicial segundo a ocupación*

Como se pode apreciar na figura 2.20, a maior porcentaxe de galegofalantes iniciais, atópase entre os ‘traballadores agrícolas e non cualificados non agrícolas’, dos que o 73,6% aprendeu a falar só ou preferentemente en galego. No resto das categorías a suma das opcións ‘so galego’ e ‘máis galego’ non acada en ningún caso o 50%. Só os agrupados nas etiquetas ‘encargados’ (capataces e persoal encargado en actividades de servizos persoais) cun 46,6%, ‘t. cualific./semicualific.’ (traballadores cualificados e semicualificados) cun 44,8%, e ‘xerentes’ (proprietarios e xerentes da hostalería, comercio e agricultura) cun 43,7% se aproximan a esa proporción. Pola contra, a porcentaxe máis baixa de galegofalantes iniciais atopámola entre os ‘administrativos’ (persoal administrativo e similar) cun 28,3%.

Estes resultados indican a comprometida situación que atravesamos a transmisión primaria do galego no conxunto do tecido social, xa que a súa reprodución permanece illada nos grupos profesionais de menor dinamismo¹⁶.

¹⁶ As importantes diferenzas existentes entre os ítems referidos á ocupación nas dúas enquisas limitan a fiabilidade das comparacións entre as dúas bases de datos. Por este motivo suxírese acudir á publicación do volume referido á lingua inicial (Seminario de Sociolingüística, 1994) para indagar na evolución da lingua inicial nos diferentes sectores ocupacionais.

2.4.8. Lingua inicial segundo o xénero

Nas situacións de contacto entre linguas, a distribución de cada unha delas en función do xénero adoita ser obxecto de especial consideración. Aínda que non existe consenso sobre o papel que xoga esta variable nos procesos de mantemento, recuperación e substitución lingüística, diferentes correntes de investigación amosan a maior propensión existente de cara a transmitirllas ás mulleres a lingua dominante. Utilizando o marco teórico de Bourdieu (1982, 1991), a orixe desta peculiaridade sociolingüística baseada no xénero estaría na maior importancia que adquiren para as mulleres os elementos relacionados co capital simbólico, e que nunha situación de contacto entre linguas se traduciría na preferencia pola dominante de cara á socialización das nenas.

Os datos do MSG-92 non reflectían unha distribución desigual da lingua inicial en función do xénero. Pola contra, os novos datos obtidos amosan diferenzas significativas en función desta variable como se pode observar na figura 2.21.




Figura 2.21. Lingua inicial segundo o xénero no MSG-04

A maior diferenza en función do xénero atópase na categoría “só castelán”, na que as mulleres declaran ter esta lingua como inicial nun 38,7% dos casos, 4,8 puntos por riba dos varóns (33,9%). As diferenzas atopadas na distribución desta variable, malia non seren considerables, suxiren que o proceso de substitución lingüística presenta unha maior vitalidade entre as mulleres ca entre os varóns.

2.4.9. Lingua inicial segundo o nivel de ingresos

O MSG-92 non analizaba especificamente a relación entre lingua inicial e nivel de ingresos. No seu lugar, a clase social, medida de maneira subxectiva, constituía un dos determinantes sociais da súa distribución. No deseño do novo cuestionario partiuse da necesidade de basear a medida da clase social en criterios obxectivos, e para isto elaborouse unha medida baseada no nivel educativo, a ocupación e os ingresos familiares. Será ao final do capítulo, ao tratar mediante análises multivariantes os diferentes perfís de falantes iniciais, cando se contraste a influencia da clase social.

Para obter o nivel de ingresos familiares optouse por empregar un ítem máis actualizado que o incluído no cuestionario do MSG-92. Con ese obxectivo adoptouse o da Enquisa de Condicións de Vida das Familias, elaborada polo Instituto Galego de Estatística (véx. cadros 2.6 e 2.7).

Cadro 2.6. Ítem empregado para sondar os ingresos no MSG-92

P. 140. ¿Que nivel de ingresos mensuais diría Vde. que entran na súa casa?	
Menos de 56.000 pta.	1
De 56.000 a 74.000 pta.	2
De 75.000 a 99.000 pta.	3
De 100.000 a 149.000 pta.	4
De 150.000 a 199.000 pta.	5
De 200.000 a 300.000 pta.	6
Máis de 300.000 pta.	7
NS/NC.	8

Cadro 2.7. Ítem empregado para sondar os ingresos no MSG-04

P. 85. ¿Poderíame indicar, aproximadamente, en que tramo dos que se lle mostra nesta tarxeta se sitúan os ingresos que por todos os conceptos entran na súa casa (ou dos que dispón Vde. persoalmente se vive só ou fóra da unidade familiar)? Non nos interesa tanto a cantidade exacta, como en qué tramo dos que lle mostro nesta tarxeta están comprendidos.	
Ata 250 (41.590 pta.)	1
De 250 a 420 (de 41.590 a 69.880 pta.)	2
De 420 a 840 (entre 69.880 e 139.764 pta.)	3
De 840 a 1260 (entre 139.764 e 209.646 pta.)	4
De 1.260 a 2.100 (entre 209.646 e 349.411 pta.)	5
De 2.100 a 2.940 (entre 349.411 e 489.175 pta.)	6
Máis de 3.000 (máis de 499.150 pta.)	7
Non lembra /Non sabe (NON LER)	8
Non contesta (NON LER)	9

Como se ve na figura 2.22, os suxeitos que se sitúan nas dúas categorías extremas ('-250€' e '+3.000€') son os que amosan as menores porcentaxes de galegofalantes iniciais contando as opcións 'só galego' e 'máis galego', cun 24,3% e 29,8%, respectivamente. A partir da categoría

‘420-840€’ apréciase un aumento de castelanfalantes iniciais a medida que crecen os ingresos, o que reflicte unha asociación de signo negativo entre o nivel de renda e a adquisición primaria do galego.




Figura 2.22. Lingua inicial segundo o nivel de ingresos no MSG-04

Se se repara na distribución do nivel de ingresos no conxunto da mostra (véx. táboa 2.3) obsérvase que só un 3,9% dos enquisados se atopa por baixo da terceira alternativa de resposta, é dicir ata 420€.

Táboa 2.3. Frecuencias xerais do ítem referido ao nivel de ingresos no MSG-04

CATEGORÍAS DE INGRESOS	%
Ata 250 (41.590 pta.)	1,6%
De 250 a 420 (de 41.590 a 69.880 pta.)	2,3%
De 420 a 840 (entre 69.880 e 139.764 pta.)	14,0%
De 840 a 1260 (entre 139.764 e 209.646 pta.)	22,9%
De 1.260 a 2.100 (entre 209.646 e 349.411 pta.)	22,1%
De 2.100 a 2.940 (entre 349.411 e 489.175 pta.)	7,8%
Máis de 3.000 (máis de 499.150 pta.)	3,3%
Non lembra /Non sabe	8,1%
Non contesta	17,9%
Total	100%

Vista a forte presenza de castelán, decidiuse illar este grupo e observar as súas principais características sociodemográficas. Entre os principais resultados atopouse que nun 60% dos casos se trataba de

suxeitos menores de 35 anos, que na súa maior parte tiñan unha situación profesional precaria (o 23,5% declarábase desempregado e o 18,6% empregado eventual), ou ben que aínda non remataran o seu período de formación (o 23,4% eran estudantes). Constitúe, por conseguinte, un grupo social minoritario cunha caracterización sociolóxica peculiar, o que reforza a conclusión da existencia dunha asociación negativa entre nivel de renda e adquisición primaria do galego, como se viu na figura 2.22.

2.5. Análise multidimensional da lingua inicial: perfís de falantes iniciais

Para tratar de resumir a información achegada polas diferentes variables sociolóxicas e elaborar, a partir delas, unha tipoloxía de falantes iniciais, acudiuse a unha técnica estatística denominada análise de homoxeneidade mediante mínimos cadrados alternantes (HOMALS), que permite representar nun espazo multidimensional a asociación existente entre as categorías de máis de dúas variables nominais. Os supostos da análise desta técnica son semellantes aos da análise de correspondencias, xa vista no apartado referido á lingua inicial segundo a cidade, pero neste caso permite observar modelos de asociación máis complexos entre múltiples variables.

Aínda que inicialmente se introduciron na análise as diferentes variables sociolóxicas que amosaran unha asociación estatística coa “lingua inicial”, finalmente estas restrinxíronse a un número máis reducido conformado por aquelas que gardaban unha maior relación. Xunto coa variable “lingua inicial” introducíronse o “hábitat de nacemento”¹⁷, o “nivel educativo”¹⁸ e a “idade”. Por outro lado, aínda que se agardaba unha importante asociación da clase social, definida en termos de renda e de nivel educativo, coa lingua inicial, o seu escaso rendemento aconsellou desbotala na análise final.

¹⁷ Para facer máis operativa esta variable recodificouse en catro categorías de resposta. A primeira delas integra os concellos menores de 10.000 habitantes (1), cando a variable orixinal diferenciaba os menores de 5.000 dos que tiñan entre 5.001 e 10.000. O resto de alternativas mantívose igual: 10.001-20.000 (2), 20.001-50.000 (3) e +50.000 (4).

¹⁸ Esta variable tamén foi recategorizada para mellorar a súa operatividade. As opcións de resposta estaban comprendidas entre o valor ‘P’, referido ao nivel de estudos primarios ou inferior, ‘S.O’, que designaba os estudos secundarios incompletos ou obrigatorios, ‘FP’, referido á Formación Profesional, ‘B’, que designaba os estudos de Bacharelato completos e ‘U’, aplicado aos universitarios.

O modelo obtido ten dúas dimensións e acadou un axuste do 76,2%, que resulta satisfactorio. Aínda que a primeira dimensión —a que adquire un maior autovalor (0,440)— é a que ten maior poder explicativo, a segunda dimensión tamén amosa unha contribución importante (0,322).

As variables con maior peso na primeira dimensión son, por esta orde, a “lingua inicial” (0,564), o “hábitat de nacemento” (0,432), o “nivel educativo” (0,403) e a “idade” (0,360). Na segunda dimensión aparecen cun elevado peso o “nivel educativo” (0,640) e a “idade” (0,627). Na figura 2.23 pódese observar o mapa bidimensional resultante dos cruzamentos entre as categorías das diferentes variables e os diferentes perfís sociais dos falantes iniciais:




Figura 2.23. *Perfís sociais dos falantes iniciais. Resultados dunha análise multidimensional polo procedemento HOMALS*

Na dimensión 1 (eixe horizontal) aparecen opostas as categorías ‘só galego’ (SG) e, cun menor peso, ‘máis galego’ (MG), nos cuadrantes da dereita, e ‘só castelán’ (SC) e ‘máis castelán’ (MC) solapadas nos da esquerda. As categorías da lingua inicial asócianse a tres perfís sociolóxicos específicos:

- Un primeiro perfil é o que rodea á opción ‘só galego’ (SG), e agrupa os suxeitos co nivel educativo máis baixo (P), o hábitat de procedencia de menor tamaño (1) e o tramo de idade máis elevado (‘45 a 54 anos’).
- Un segundo perfil, cun menor peso na dimensión, atopámolo ao redor da categoría ‘máis galego’, que agrupa os suxeitos que proceden de hábitats de tipo intermedio (2 e 3) e teñen idades comprendidas entre os ‘35 e os 44 anos’. Ningunha das categorías da variable “nivel educativo” se corresponde claramente con este perfil, aínda que se lle aproximan nesa dimensión os suxeitos con estudos de formación profesional (FP).
- Un terceiro perfil confórmano os suxeitos que adquiriron inicialmente o castelán, ben de xeito exclusivo (SC), ben de xeito preferente (MC), que aparecen agrupados nos segmentos de idade máis novos (‘15 a 24’ e ‘25 a 34’), nos niveis educativos máis altos (U e B, aínda que tamén FP) e nas localidades de maior tamaño (4). Cómpre salientar o elevado peso que ten este perfil na segunda dimensión, definida, fundamentalmente, pola idade e o nivel educativo. Así, agrúpanse no tramo de ‘25 a 34 anos’ os suxeitos con estudos universitarios (U) e de formación profesional (FP), mentres que no tramo de ‘15 a 24 anos’ aparecen os que teñen estudos de bacharelato (B) ou de ESO (SO). Trátase dun agrupamento lóxico, se se ten en conta que na mostra participan suxeitos que, pola súa idade, non poden ter rematado o proceso formativo.

A análise realizada polo procedemento HOMALS sintetiza moita da información que viñeron achegando os cruzamentos coas diferentes variables sociais. Cos datos obtidos pódese concluír que a transmisión primaria do galego atopa un severo atranco ao permanecer pechada nos sectores menos emerxentes da sociedade, posto que se asocia aos suxeitos de maior idade¹⁹, aos que naceron en localidades de menor tamaño (que veñen experimentando unha drástica regresión demográfica) e aos que teñen menor nivel educativo.

¹⁹ Aínda que é salientable a recuperación de falantes iniciais atopada no tramo de menor idade.

2.6. Síntese do capítulo

- Resulta patente o retroceso global da transmisión primaria da lingua galega experimentado no período 1992-2004. O galego pasou de ser a opción maioritaria na lingua inicial (o 60,3% no MSG-92) a ocupar a posición minoritaria (o 20,6% no MSG-04). Actualmente, só unha quinta parte da poboación galega con idades comprendidas entre os 15 e os 54 anos se declara monolingüe inicial en galego, mentres que algo máis da terceira parte é monolingüe inicial en castelán.
- É tamén digno de interese o incremento experimentado polos falantes iniciais doutras linguas, aspecto que manifesta a crecente influencia sociolingüística que está a ter a inmigración procedente do estranxeiro e o regreso de emigrantes galegos e dos seus descendentes.
- Destacan polo seu avance o monolingüismo inicial en castelán, o bilingüismo inicial e o grupo de individuos que aprenderon a falar noutro idioma.
- Actualmente o grupo máis numeroso é o dos bilingües iniciais, cun 41% que aprendeu a falar nalguna das modalidades bilingües.
- Na análise do papel dos proxenitores na transmisión lingüística obsérvase unha tendencia preocupante que limita a efectividade da socialización en galego no ámbito familiar. Unha proporción considerable de individuos aos que lles falaron galego sinala que aprendeu a falar castelán, cando o fenómeno contrario só se produce nunha medida anecdótica entre quen ten pais castelanfalantes. Destes datos despréndese a necesidade urxente de establecer medidas de apoio ao papel transmisor das familias galegofalantes, xunto con medidas destinadas a fomentar a adquisición inicial do galego nas familias bilingües e castelanfalantes.
- Os cruzamentos da lingua inicial coas variables referidas ao hábitat amosaron a forte dependencia da transmisión primaria do galego no ámbito rural. Na actualidade, a adquisición inicial única ou preferente da lingua galega só é maioritaria entre os nados en localidades con menos de 10.000 habitantes e entre

os residentes en localidades con menos de 5.000. No resto dos hábitats e, particularmente nas localidades con máis de 50.000 habitantes, predomina a adquisición inicial do castelán. O escenario demográfico actual, caracterizado pola perda de peso da poboación rural, escurece o porvir e a vitalidade etnolingüística do galego.

- A análise multivariante da lingua inicial nas cidades suxeriu a relevancia das dinámicas socioestruturais internas na reprodución social das dúas linguas en contacto. Pese a manterse a tipoloxía dos ámbitos urbanos descrita hai doce anos, en trazos xerais, algunhas cidades como A Coruña ou Santiago, mudaron as súas posicións, o que reflicte o seu considerable dinamismo sociolingüístico.
- Tocante aos cruzamentos coas variables de tipo socioeconómico (“nivel educativo”, “ocupación” e “nivel de ingresos familiares”), observouse que a transmisión do galego permanece pechada nos grupos sociais menos dinámicos do tecido social galego.
- Con todo, a análise da distribución da lingua inicial segundo a idade desvelou unha tendencia esperanzadora que indica unha certa recuperación de falantes iniciais de galego no grupo de menor idade. Cumpriría seguir a súa evolución no futuro para confirmar se constitúe un principio de recuperación do galego.

3

Competencia lingüística

3.1. Introducción

A competencia lingüística é outro referente central para coñecer a situación sociolingüística dunha comunidade bilingüe porque, á parte de ser a primeira condición para poder usar unha lingua, é tamén indicio do seu grao de utilización.

A maioría dos estudos sobre a situación sociolingüística en Galicia proporcionaban datos só do grao de coñecemento do galego, obviando a competencia en castelán e noutras linguas. Dada a realidade bilingüe da sociedade galega e a crecente importancia do multilingüismo, examinaremos a competencia lingüística en galego, pero tamén en castelán e mesmo noutras linguas. Así pois, esta investigación constitúe o primeiro estudo no que se analizan as competencias multilingües dunha ampla mostra da sociedade galega, extrapolable ao conxunto da poboación dos 15 aos 54 anos.

Para facilitar o seguimento das análises realizadas sobre as variables das competencias lingüísticas presentaranse os resultados das medias das catro destrezas fundamentais (“entender”, “ler”, “falar” e “escribir”) en

galego e en castelán. A seguir examínanse as variables con máis peso na distribución das diferentes destrezas lingüísticas e compáranse os datos de competencia en lingua galega entre o MSG-92 e o MSG-04, para observar a evolución da competencia durante o período transcorrido entre as dúas enquisas. Finalmente, estúdase o grao de extensión do coñecemento doutras linguas, así como as variables máis implicadas na competencia multilingüe.

3.2. Consideracións técnicas

Para medir as competencias lingüísticas empregáronse ítems nos que os entrevistados avaliaban o seu grao de coñecemento de cada idioma. Malia que este sistema de medida se pode ver afectado pola subxectividade dos enquisados²⁰, decidiuse empregalo á vista da complexidade que suporía aplicar probas específicas para avaliar as diferentes destrezas lingüísticas e a que é o método máis operativo e rendible neste tipo de investigacións macro²¹.

O ítem que sondaba a competencia no MSG-92 referido ás catro destrezas fundamentais —entender, falar, ler e escribir— contaba con catro categorías de resposta: ‘moito’, ‘bastante’, ‘pouco’ e ‘nada’. As categorías empregadas, aínda que procuraban axudar os enquisados a situarse dentro desa escala, introducían importantes dificultades metodolóxicas²².

²⁰ Como sinala Siguán (2001: 52), é posible unha certa desviación en favor da lingua máis prestixiada ou da que se supón preferida polo entrevistador. Neste sentido, este autor lembra a gran diferenza atopada nos resultados da medición da competencia en éuscaro entre 1978 e 1982. Por outro lado, os bilingües pertencentes a minorías étnicas e, en especial os emigrantes, non sempre poden cualificar axeitadamente o seu nivel de destreza na L1 nin na L2 (Sánchez e Rodríguez, 1997).

²¹ Sánchez e Rodríguez (1997) amosan como estes indicadores correlacionan significativamente coas puntuacións de rendemento no colexio, así como con tests normativos de competencia bilingüe. Manga e Sánchez (1989) atopan correlacións próximas a 0,70 entre autoavaliacións da competencia en inglés e probas cloze nesta lingua.

²² As categorías referidas aos catro niveis da competencia non gardaban entre elas as mesmas distancias, polo que non abranguían correctamente todo o espectro posible de niveis da competencia. Este problema, ademais, limitaba as operacións matemáticas realizadas sobre os datos. Na publicación do propio Seminario de Sociolingüística (1994: 75) recoñeceuse esta eiva, que quedaría solucionada, en parte, mediante o agrupamento das opcións “moito” e “bastante” baixo a categoría denominada “dominio efectivo”.

No MSG-04 prescindíuse destas etiquetas e reformulouse a pregunta sobre a competencia. Deste xeito pódense realizar sen reservas operacións estatísticas coas variables referidas a cada unha das destrezas, xa que se traballa con variables numéricas. As mínimas limitacións que, ao noso entender, se puidesen derivar destes cambios no tocante á comparación dos dous momentos sondados, están xustificadas pola esixencia de contar cun instrumento máis fiable de medida da competencia. Os ítems empregados no MSG-92 e no MSG-04 están recollidos nos cadros 3.1 e 3.2.

Cadro 3.1. Ítem empregado para sondar a competencia en galego no MSG-92

P. 16. ¿Cal é o seu dominio do galego?					
	Moito	Bastante	Pouco	Nada	N.P
Enténdeo	4	3	2	1	9
Fálao	4	3	2	1	9
Leo	4	3	2	1	9
Escribo	4	3	2	1	9

Cadro 3.2. Ítem empregado para sondar a competencia en galego no MSG-04

P. 9. Cal é o seu nivel de coñecemento do galego nas seguintes destrezas tendo en conta que 1 é a puntuación máis baixa e 4 a máis alta (9 = Non procede)?	
Entender: _____	Falar: _____
Leer: _____	Escribir: _____

Como se aprecia nos cadros 3.1 e 3.2, realizouse unha adaptación do ítem empregado no MSG-92 para sondar a competencia en galego, en castelán e noutras linguas. Todos os enquisados debían responder as preguntas sobre o seu grao de coñecemento do galego e do castelán, mentres que as competencias referidas a outras linguas realizábaas quen contestaba afirmativamente a correspondente pregunta filtro (véx. as preguntas p.10, p10a e p10b no anexo D).

3.3. Competencia lingüística en galego no MSG-92

O MSG-92 amosara un nivel moi elevado de extensión das competencias orais en lingua galega. Sumando as opcións de resposta 'moito' e 'bastante' para o ítem da comprensión oral obtíñase un dominio efectivo desta destreza do 96,9%. Tocante á expresión oral, o valor obtido era tamén moi elevado, pois máis do 85,6% da poboación declaraba saber falar galego.

Os valores referidos ás competencias lectoescritoras reflectían, pola contra, as consecuencias da exclusión da lingua galega dos ámbitos

formais de aprendizaxe, en particular, da escola, pois agás os grupos de idade máis novos e a poboación máis formada, a maior parte da cidadanía non era quen de ler (o 53,4%) nin escribir (o 72,5%) na lingua que, por outro lado, se empregaba maioritariamente no rexistro oral.

Estudos sociolingüísticos realizados recentemente (Loredó e Suárez, 2005; IGE, 2003; IGE, 2004) amosan o mantemento do nivel de competencia oral e a elevación xeral do nivel de competencia lectoescritora respecto aos datos do MSG-92, o que ilustra o efecto producido pola incorporación do galego aos ámbitos formais de adquisición da linguaxe. Neste capítulo afondarase neste fenómeno e contrastarase o efecto producido por diversos axentes sociais na extensión das competencias en galego.

3.4. Competencia lingüística en galego e castelán no MSG-04

Para facilitar a comparación do nivel de competencia autopercebida en galego e castelán recorreuse a expresar os resultados en medias. Recóllense na figura 3.1.




Figura 3.1. Competencia en galego e en castelán no MSG-04.
Valores en medias²³

²³ Os valores das medias oscilan entre o 1, nivel máis baixo de coñecemento, e o 4, o máis alto. O valor central da escala é 2,5.

Se se comparan os resultados da figura 3.1, pódense observar dúas tendencias significativas. Por unha banda, existe unha notoria uniformidade no grao de coñecemento do castelán, moi semellante nas catro destrezas, fronte aos resultados do galego, onde se aprecia unha distancia de 0,54 puntos nesta escala entre ‘entender’ e ‘escribir’. Doutra, aínda que en todos os casos os valores das medias son superiores no castelán, a reducida distancia entre as dúas linguas, agás na escrita, indica a autopercepción dunha considerable competencia bilingüe nas catro destrezas. De feito, todas superan amplamente o punto central da escala, oscilando entre o 3,14 da menos estendida, a escritura en galego, e o 3,89 da máis xeneralizada, a comprensión do castelán. A diferenza máis notable entre as dúas linguas atopámola na expresión escrita, onde se rexistra unha distancia de 0,65 puntos en favor do castelán, mentres que o maior equilibrio atopámolo na comprensión oral que, cunha distancia de 0,21 puntos, evidencia a práctica simetría da comprensión nas dúas linguas.

O MSG-92 amosaba unha distancia de 69,4 puntos porcentuais entre a comprensión oral e a capacidade para escribir en galego. Os novos resultados indican unha considerable redución das diferenzas entre ambas as dimensións da competencia (18,6 puntos porcentuais).

3.5. Determinantes sociolingüísticos, sociolóxicos e educativos da competencia en galego e en castelán

Cando nunha variable non se obtén apenas varianza, estase a indicar que existe unha certa homoxeneidade no aspecto que se trata de medir. No caso das competencias autopercebidas en lingua castelá este feito constátase cos resultados, pois a práctica totalidade da poboación situouse na categoría máis elevada da escala (véx. anexo III, táboas 3.53-56), ao considerarse moi competente no manexo de todas as destrezas. No caso do galego, dado que existen maiores flutuacións e, en consecuencia, maior heteroxeneidade entre a poboación, cabería esperar a influencia de variables sociolingüísticas, sociolóxicas ou educativas.

Por todo isto, cómpre averiguar se ditas variables recollidas no cuestionario (véx. anexo I) inflúen nas competencias autopercebidas en galego. Na nosa análise prescindimos da correspondente ao castelán pola citada escasa variabilidade nos seus resultados.

3.6. Influencia das variables sociolingüísticas, sociolóxicas e educativas na distribución da capacidade para entender o galego

Pese ao elevado valor que rexistraba a media da capacidade para entender o galego ($\bar{X}=3,68$), atopáronse diferenzas estatisticamente significativas que indican unha relación entre a distribución desta variable e diversas variables de tipo sociolingüístico, sociolóxico ou educativo.

O método elixido para determinar esta influencia foi o ANOVA ONEWAY ou a proba T de Student, que permiten analizar a existencia de diferenzas significativas entre unha variable dependente numérica ('entender') segundo as variables independentes categóricas ²⁴ (véx. táboa 3.1). A escolla dunha ou doutra técnica está determinada polo número de niveis das variables independentes. No caso de contar con máis de dous niveis utilízase a primeira proba, mentres que no caso de contar con dous, escóllese a segunda. A técnica ANOVA ONEWAY aplícase xunto cunha análise *post hoc*, que neste caso foi a proba Tukey b.

Táboa 3.1. *Determinantes sociolingüísticos e sociolóxicos de “entender o galego”. Proba ANOVA ONEWAY / T de Student*

	F/T	p
lingua habitual	223,717	<0,001
lingua inicial	148,593	<0,001
lingua das clases en secundaria	46,385	<0,001
lingua das clases en primaria	41,375	<0,001
hábitat de residencia	24,453	<0,001
aprendeu galego na familia	-21,499	<0,001
hábitat de nacemento	21,355	<0,001
idade	13,648	<0,001
aprendeu galego na escola	-5,929	<0,001

As variables “lingua habitual” [F=223,717 (p<0,001)], “lingua inicial” [F=148,593 (p<0,001)], “lingua das clases en secundaria” [F= 46,385 (p<0,001)], “lingua das clases en primaria” [F= 41,375 (p<0,001)], “hábitat

²⁴ Por motivos de facilidade de comprensión só se inclúen na táboa aquelas variables que amosaron unha influencia significativa.

de residencia” [F= 24,453 (p<0,001)], “aprendeu galego na familia” [T=-21,499 (p<0,001)], “hábitat de nacemento” [F= 21,355 (p<0,001)], “idade” [F= 13,648 (p<0,001)] e “aprendeu galego na escola” [T= -5,929 (p<0,001)], por esta orde, están relacionadas coa competencia para entender o galego.

Os resultados indican que entende peor o galego quen menos o fala, non o adquiriu inicialmente, recibiu as clases maioritaria ou practicamente en castelán, reside en localidades de maior tamaño, non o adquiriu na familia, naceu en localidades de maior tamaño, ten máis idade e non aprendeu o galego na escola.

Para facilitar o seguimento dos cruzamentos entre cada unha destas variables e a capacidade para entender preséntase, a seguir, unha serie de figuras coas que se trata de resumir a información de cada un deses cruzamentos. Así, en lugar de realizar unha descrición baseada na orde de importancia de cada unha delas, agrúpanse na mesma gráfica as variables referidas á mesma dimensión (sociolingüística, sociolóxica ou educativa), de xeito que o número de figuras se reduce considerablemente e aumenta a súa comprensibilidade. Os valores que aparecen reflectidos nas figuras corresponden ás medias obtidas nunha escala da competencia que comprende do 1 ao 4.

3.6.1. *Capacidade para entender o galego segundo a lingua inicial e a habitual*

Como se observa na figura 3.1, a percepción da capacidade para entender o galego descende entre quen aprendeu a falar ou fala habitualmente ‘máis castelán’ ou ‘só castelán’. En calquera caso, a media desta destreza entre os castelanfalantes é bastante superior ao valor central da escala. A lingua habitual ten un maior peso na comprensión oral que a lingua inicial. De feito a maior diferenza entre as medias —0,47 puntos (véx. figura 3.2)— dáse entre monolingües habituais en castelán (3,85) e monolingües habituais en galego (3,38).




Figura 3.2. *Capacidade para entender o galego segundo a lingua inicial e a habitual no MSG-04*

3.6.2. *Capacidade para entender o galego segundo a lingua das clases en primaria e secundaria*

A lingua da docencia no ensino amosa influír na capacidade para entender o galego. A comprensión do galego oral é maior a medida que os enquisados reciben un maior número de clases neste idioma. No nivel educativo máis alto a diferenza entre as medias dos suxeitos que recibiron todas as clases en castelán e os que as recibiron todas en galego é de tres décimas (véx. figura 3.3).

Esta influencia segue manténdose aínda cando se controla o efecto da variable lingua habitual. Así, por exemplo, as persoas que se expresan habitualmente en castelán teñen unha mellor comprensión do galego a medida que reciben un número maior de materias en galego (véx. na figura 3.2 as liñas referidas aos castelanfalantes nos niveis de primaria e secundaria). Esta circunstancia indica que a lingua da docencia desempeña un papel importante na mellora da comprensión oral do galego.




Figura 3.3. *Capacidade para entender o galego segundo a lingua da docencia en primaria e secundaria no MSG-04*

3.6.3. Capacidade para entender o galego segundo a súa adquisición na familia e/ou na escola

No tocante a estes dous ámbitos de adquisición, cómpre aclarar que as dúas opcións de resposta (familia, escola) non eran mutuamente excluíntes coma no caso do ítem empregado no MSG-92. No MSG-04 os suxeitos podían escoller todas as opcións que considerasen axeitadas dunha lista, anotando, en caso de sinalar máis dun ámbito, o grao de importancia de cada un deles para a súa aprendizaxe do galego. Os ámbitos que amosaron unha maior influencia na media da capacidade para entender o galego foron a familia e a escola (véx. táboa 3.1).




Figura 3.4. Capacidade para entender o galego segundo o adquirisen ou non na familia e/ou na escola²⁵ no MSG-04

Os resultados expostos na figura 3.4 indican que os suxeitos que aprenderon a falar na familia e na escola son os que amosan unha capacidade para entender o galego máis elevada ($\bar{x}=3,78$) fronte aos que non o aprenderon en ningún deses ámbitos ($\bar{x} = 3,21$). As diferenzas na capacidade para entender o galego segundo o adquiriran ou non na familia acadan 0,36 puntos (3,76-3,4), mentres que as que se observan en función de que o aprenderan ou non na escola redúcense a 0,08 puntos (3,72-3,64). Con todo, o valor da media desta destreza entre as persoas que non o aprenderon en ningún destes dous ámbitos ($\bar{x} = 3,21$) indica a elevada facilidade para adquirilo no resto do contorno social.

A importancia de cada un destes ámbitos na adquisición tamén provoca diferenzas nos valores das medias da capacidade para entender

25 A opción “non” da categoría “aprendeu na familia e na escola” indica que non aprenderon o galego en ningún dos dous ámbitos.

o galego. Así, os que sinalan a familia en primeiro lugar acadan unha media de 3,78, mentres que os que elixen como ámbito principal o ensino obteñen unha media de 3,64.

A adquisición primaria do galego nos ámbitos familiar e educativo, sobre todo no primeiro, favorece un maior dominio da capacidade para entendelo.

3.6.4. *Capacidade para entender o galego segundo o hábitat de residencia e de nacemento*

O “hábitat de residencia” e o “hábitat de nacemento” introducen leves fluctuacións na capacidade para entender o galego. A media referida a esta destreza redúcese progresivamente desde as localidades máis pequenas ás de maior tamaño, de maneira que a diferenza por residencia entre as cidades (3,66) e os núcleos con ‘menos de 5.000 habitantes’ (3,81) é de 0,15 puntos (véx. figura 3.5).




Figura 3.5. *Capacidade para entender o galego segundo o “hábitat de residencia” e o “hábitat de nacemento” no MSG-04*

3.6.5. *Capacidade para entender o galego segundo a idade*

A idade tamén amosou un lixeiro influxo na distribución da capacidade para entender o galego. Como se pode ver na figura 3.6, a media desta destreza descende conforme aumenta a idade. As diferenzas

significativas sitúanse entre o tramo ‘de 15 a 34 anos’ e o ‘de 35 a 55 anos’. Merece especial atención o dato de que os máis novos afirman entender mellor o galego, feito que contrasta con outros fenómenos sociolingüísticos como a distribución da lingua inicial neste grupo, estudado no capítulo anterior.




Figura 3.6. Capacidade para entender o galego segundo a idade no MSG-04

3.7. Influencia das variables sociolingüísticas, sociolóxicas e educativas na distribución da capacidade para falar o galego

Tocante á capacidade para falar en galego, existe unha relación estatisticamente significativa entre esta variable e as seguintes de índole sociolingüística, sociolóxica e educativa (véx. táboa 3.2).

Táboa 3.2. Determinantes sociolingüísticos, sociolóxicos e educativos da capacidade para falar o galego. Proba ANOVA ONEWAY / T de Student

	F/T	sig. aproximada
lingua habitual	614,007	<0,001
lingua inicial	419,934	<0,001
lingua das clases en secundaria	120,433	<0,001
lingua das clases en primaria	109,093	<0,001
hábitat de nacemento	49,436	<0,001
hábitat de residencia	41,191	<0,001
aprendeu galego na familia	-31,69	<0,001
idade	12,692	<0,001
xénero	6,198	<0,001

A media da expresión oral en galego está relacionada coas seguintes variables por esta orde: “lingua habitual” [F=614,007 (p<0,001)], “lingua inicial” [F= 419,934 (p<0,001)], “lingua das clases en secundaria” [F= 120,433 (p<0,001)], “lingua das clases en primaria” [F= 109,093 (p<0,001)], “hábitat de nacemento” [F= 49,436 (p<0,001)], “hábitat de residencia” [F= 41,191 (p<0,001)], “aprendeu galego na familia” [T=-31,69 (p<0,001)], “idade” [T= 12,692 (p<0,001)] e xénero [T= 6,198 (p<0,001)].

Declárase por tanto máis competente para falar galego quen se expresa habitualmente nesta lingua, o adquiriu inicialmente, recibiu as clases maioritariamente en galego, o adquiriu na familia, naceu en localidades de tamaño pequeno, reside neste mesmo hábitat, ten menor idade e é varón.

3.7.1. *Capacidade para falar o galego segundo a lingua inicial e habitual*

Na figura 3.7 pódese ver como a capacidade para falar galego descende entre quen aprendeu a falar ou fala habitualmente castelán, e especialmente, entre os monolingües nesta lingua. A considerable diferenza de medias (1,06 puntos) entre os monolingües habituais en castelán ($\bar{x}=2,73$) e os monolingües habituais en galego ($\bar{x}=3,79$) pon de relevo unha vez máis a relación entre competencia nun idioma e o seu uso. O gráfico amosa como esta diferenza diminúe progresivamente a medida que se incorpora o galego no uso habitual. No caso da lingua inicial os resultados e tendencias son semellantes.




Figura 3.7. *Capacidade para falar o galego segundo a lingua inicial e a habitual no MSG-04*

3.7.2. Capacidade para falar o galego segundo a lingua das clases en primaria e secundaria

Recibir as clases en galego amosouse como un factor de importancia na capacidade de expresarse oralmente nesta lingua. As persoas que cursaron a maioría ou practicamente todas as materias en galego declaran ter maior capacidade para expresarse oralmente neste idioma (véx. figura 3.8).




Figura 3.8. Capacidade para falar o galego segundo a lingua das clases en primaria e en secundaria no MSG-04

3.7.3. Capacidade para falar o galego segundo a súa aprendizaxe na familia

Adquirir o galego no seo da familia amosa unha elevada influencia na capacidade para falalo. Na figura 3.9 obsérvase unha diferenza de 0,69 puntos nesta destreza entre quen o adquiriu na familia ($\bar{x} = 3,52$) e aqueles que non o fixeron ($\bar{x} = 2,83$). Estes resultados abundan para recordar a importancia, a transcendencia e, en consecuencia, a responsabilidade de transmitir un idioma na familia para falalo con maior facilidade. Neste sentido convén recordar ademais o influxo da adquisición familiar noutros factores relacionados cun mellor uso, como a seguridade lingüística.




Figura 3.9. *Capacidade para falar o galego en función de adquirilo na familia no MSG-04*

3.7.4. *Capacidade para falar o galego segundo o hábitat de residencia e de nacemento*

As variables referidas ao hábitat provocan considerables fluctuacións nesta destreza (véx. figura 3.10). As medias redúcense a medida que o “hábitat de nacemento” e o de “residencia” se refiren a localidades de maior número de habitantes. Cómpre salientar que son os residentes nas localidades ‘de 10.001 a 20.000 habitantes’ ($\bar{x} = 3,23$) e, en menor medida, nas cidades ($\bar{x} = 3,33$) os que obteñen os valores máis baixos nesta destreza oral.




Figura 3.10. *Capacidade para falar o galego segundo o hábitat de nacemento e residencia no MSG-04*

3.7.5. Capacidade para falar o galego segundo a idade

A idade amosou certa influencia na distribución da capacidade para falar o galego. A figura 3.11 mostra cómo a media desta destreza descende lixeiramente a medida que aumenta a idade no tramo ‘de 15-44 anos’. Ao igual que acontecía coa capacidade para entender o galego, os máis novos (‘de 15 a 34 anos’) afirman ter mellor capacidade para falar o galego cás xeracións de maior idade (‘de 35 a 54 anos’). Estes resultados poderían encubrir, tendo en conta que a información se obtén por autopercepción da capacidade, a crenza de que porque se estudou galego se está máis capacitado para falalo.




Figura 3.11. Dominio da capacidade para falar o galego segundo a idade no MSG-04

3.7.6. Capacidade para falar o galego segundo xénero

O xénero amosou ter unha influencia significativa na competencia para expresarse en galego. Non obstante, o efecto sobre esta capacidade é o menor de todas as variables examinadas ata agora (véx táboa 3.2). As medias indícanos que os varóns teñen unha capacidade para falar en galego significativamente maior cás mulleres (véx. figura 3.12).

Profundando nestes resultados, se controlamos o efecto da variable “lingua inicial”, as diferenzas segundo o “xénero” diminúen substancialmente. De feito, a distancia entre as puntuacións medias dos varóns e as mulleres que aprenderon a falar ‘só castelán’ é de só 0,08 puntos. Este dato revela que a influencia da variable “xénero” sobre a capacidade para falar en galego está mediatizada polo efecto doutras variables como a “lingua inicial”.

Por outra banda, é salientable o efecto da variable “idade” nas puntuacións medias da capacidade para falar segundo o “xénero”, onde no tramo de idade máis novo (‘de 15 a 24’) as diferenzas entre os varóns e as mulleres son moito menores ca no resto.




Figura 3.12. Capacidade para falar o galego segundo o xénero no MSG-04

3.8. Influencia das variables sociolingüísticas, sociolóxicas e educativas na distribución da capacidade para ler o galego

Táboa 3.3. Determinantes sociolingüísticos, sociolóxicos e educativos da capacidade para ler o galego. Proba de ANOVA ONEWAY / T de Student

	F/T	sig. aproximada
lingua habitual	196,827	<0,001
lingua inicial	132,169	<0,001
Idade	119,107	<0,001
lingua das clases en secundaria	114,503	<0,001
lingua das clases en primaria	89,331	<0,001
nivel de estudos	42,084	<0,001
hábitat de residencia	26,396	<0,001
aprendeu galego na familia	-21,046	<0,001
aprendeu galego na escola	-15,073	<0,001
hábitat de nacemento	9,523	<0,001
ingresos	5,165	<0,001

Seguindo a orde de importancia e de maior a menor, as variables que amosan unha maior influencia na distribución da capacidade para

ler en galego son: “lingua habitual” [F=196,827 ($p<0,001$)], “lingua inicial” [F=132,169 ($p<0,001$)], “idade” [F=119,107 ($p<0,001$)], “lingua das clases en secundaria” [F=114,503 ($p<0,001$)], “lingua das clases en primaria” [F=89,331 ($p<0,001$)], “estudos” [F=42,084 ($p<0,001$)], “hábitat de residencia” [F= 26,396 ($p<0,001$)], “aprendeu galego na familia” [T=-21,046 ($p<0,001$)], “aprendeu galego na escola” [T=-15,073 ($p<0,001$)], “hábitat de nacemento” [F= 9,523 ($p<0,001$)] e “ingresos” [F=5,165 ($p<0,001$)].

Considérase máis competente para ler en galego quen adoita falalo e o adquiriu inicialmente, ten menor idade, recibiu a docencia nesta lingua en secundaria e primaria, acadou maior nivel de estudos, reside en localidades de tamaño pequeno, o adquiriu na familia, o aprendeu na escola, naceu en localidades de tamaño pequeno e goza dun alto nivel de renda.

3.8.1. *Capacidade para ler o galego segundo a lingua habitual e a inicial*

As variables referidas aos usos lingüísticos teñen unha influencia significativa na distribución desta destreza, como quedou demostrado xa nas análises anteriores. Ao analizar o resultado dos cruzamentos (véx. figura 3.13) obsérvase que os monolingües iniciais e habituais en castelán declaran unha competencia significativamente máis baixa ca o resto dos suxeitos na capacidade para ler en galego.




Figura 3.13. *Capacidade para ler o galego en función da lingua inicial e a lingua habitual no MSG-04*

3.8.2. Capacidade para ler o galego segundo a lingua das clases de primaria e secundaria

Os resultados indican que a capacidade para ler en galego aumenta a medida que se incrementa a presenza desta lingua na docencia (véx. figura 3.14). Neste sentido é significativo que, aínda naqueles casos nos que se recibiron todas as clases en castelán, (ou ben noutras linguas) a competencia percibida nesta destreza non é inferior ao valor 3 da escala. En calquera caso, a docencia maioritaria en galego favorece que esta capacidade mellore e que se acaden valores próximos ao 4, o máis alto, como era de esperar dunha función instrumental que se adoita adquirir na escola.




Figura 3.14. Capacidade para ler o galego en función da lingua das clases en primaria e secundaria no MSG-04

3.8.3. Capacidade para ler o galego segundo a súa aprendizaxe na familia e/ou na escola

Como xa se sinalou anteriormente, as dúas opcións de resposta —familia/escola— non eran mutuamente excluíntes, como ocorría no caso do ítem empregado no MSG-92 para sondar esta cuestión. Aínda que se trata dunha destreza fortemente condicionada pola aprendizaxe formal e, particularmente, pola súa adquisición no ámbito escolar, atópase unha importante variación en función de que se adquirira ou non o galego no ámbito familiar. A diferenza acada 0,47 puntos, como se pode ver na figura 3.15.

Máis acorde coa dimensión formal desta destreza resultou o achado da maior competencia en quen aprendeu o galego no ámbito escolar fronte a quen non ($\bar{x} = 3,52$ fronte a $\bar{x} = 3,23$ respectivamente). A maior distancia nos valores da media atópase entre quen adquiriu o galego a través da familia e a escola simultaneamente ($\bar{x} = 3,45$) e quen o adquiriu en ámbitos distintos dos sinalados ($\bar{x} = 2,59$). Estes últimos amosan, con todo, un nivel de competencia superior ao valor central da escala, o que se pode atribuír, dun lado, á influencia que están a ter outros ámbitos na adquisición de destrezas escritas en galego e, doutro, á transferencia de competencias lectoescritoras do castelán ao galego (Loredo, Fernández e Suárez, 2005).




Figura 3.15. *Capacidade para ler o galego en función de aprender galego na familia e na escola no MSG-04*

3.8.4. *Capacidade para ler o galego segundo a idade*

A idade é, despois das variables referidas aos usos lingüísticos, a que presenta maior correlación na distribución da capacidade lectora en galego, o que revela o efecto producido pola incorporación do galego ao sistema educativo, perceptible nos grupos de menor idade.

A figura 3.16 amosa cómo a media da destreza na lectura aumenta a medida que se descende na escala de idade. Os máis novos afirman ler mellor en galego cás xeracións máis vellas. Os individuos con idades comprendidas entre os 15 e os 34 anos, que na maior parte dos casos recibiron docencia de lingua galega, ou mesmo a cursaron desde primaria ou EXB, conforman o grupo de idade coas puntuacións máis altas nesta destreza. No resto e, sobre todo, no grupo de maior idade ('de 45 a 54') os valores das medias

decaen progresivamente ata 3,11: 0,47 puntos por debaixo da do grupo máis novo. Estes resultados revalidan conclusións obtidas noutros traballos sobre a mellora das competencias escritas en galego na poboación escolarizada a partir da implantación do galego no ensino.




Figura 3.16. *Capacidade para ler o galego segundo a idade no MSG-04*

3.8.5. *Capacidade para ler o galego segundo os estudos*

Na distribución da capacidade para ler en galego atopouse tamén unha alta influencia do nivel de estudos. Na figura 3.17 constátase a existencia dunha diferenza de máis de medio punto (0,55) entre quen non realizou estudos regrados e quen cursou os niveis superiores do sistema educativo. A competencia lectora autopercebida en galego ascende progresivamente a medida que aumenta o nivel de estudos. Os únicos niveis desta variable onde non se aprecian diferenzas significativas é entre os suxeitos con estudos de ESO, bacharelato e FP.




Figura 3.17. *Capacidade para ler o galego segundo os estudos no MSG-04*

3.8.6. Capacidade para ler o galego segundo os ingresos

O variable que amosou menor influencia na capacidade para ler en galego foi a de “ingresos” (véx. táboa 3.3), como xa se puido apreciar ao cruzala coa capacidade para entender e falar a lingua galega.

Aínda así, as medias obtidas indican que esta competencia aumenta a medida que os ingresos son maiores. Só os suxeitos incluídos na categoría de ‘-250€’ se afastan desta tendencia (véx figura 3.18). Estes datos ratifican, como xa se comentou no apartado 2.4.9, que esta categoría ten unha caracterización sociolóxica particular.

Quitado este grupo, nos demais as puntuacións da competencia lectora en lingua galega oscilan entre 3,29 no tramo ‘de 250-420€’ e 3,53 naqueles que teñen uns ingresos de ‘máis de 3.000€’. As diferenzas significativas céntranse entre quen conta cuns ingresos comprendidos entre ‘250-420€’ e ‘420-840€’ fronte ao resto de categorías.




Figura 3.18. Capacidade para ler en galego en función dos ingresos no MSG-04

3.9. Influencia das variables sociolingüísticas, sociolóxicas e educativas na distribución da capacidade para escribir o galego

Finalmente, no tocante á capacidade para escribir en galego, as variables que amosaron maior relación nos cruzamentos foron, por esta orde: “lingua habitual” [F=-212,975 (p<0,001)], “idade” [F=199,051 (p<0,001)], “lingua inicial” [F=170,223 (p<0,001)], “lingua das clases en secundaria” [F=64,528 (p<0,001)], “lingua das clases en primaria” [F=60,063 (p<0,001)], “estudos” [F=36,701 (p<0,001)], “hábitat de residencia” [F=28,073 (p<0,001)], “aprendeu galego na familia” [T=-21,837 (p<0,001)], “aprendeu galego na escola” [T=-18,66 (p<0,001)], “hábitat nacemento” [F=7,04 (p<0,001)] e “ingresos” [F=3,328 (p<0,001)] (véx. táboa 3.4).

Polo tanto, considérase máis competente para escribir en galego quen o fala habitualmente, ten menor idade, o adquiriu como primeira lingua, posúe un nivel de estudos alto, reside en localidades pequenas, o adquiriu na familia, o aprendeu na escola, naceu en hábitats de tamaño intermedio, ten uns ingresos altos ou moi baixos, e recibiu todas as clases en galego, tanto en primaria como en secundaria.

Táboa 3.4. *Determinantes sociolingüísticos, sociolóxicos e educativos da capacidade para escribir o galego. Proba ANOVA ONE WAY / T de Student*

	T/F	sig. aproximada
lingua habitual	-212,975	<0,001
idade	199,051	<0,001
lingua inicial	170,223	<0,001
lingua clases secundaria	64,528	<0,001
lingua clases primaria	60,063	<0,001
estudos	36,701	<0,001
hábitat residencia	28,073	<0,001
aprendeu galego na familia	-21,837	<0,001
aprendeu galego na escola	-18,660	<0,001
hábitat nacemento	7,04	<0,001
ingresos	3,328	<0,001

3.9.1. *Capacidade para escribir o galego segundo a lingua inicial e habitual*

Como era de esperar, apréciase unha asociación entre a maior presenza do galego e un maior dominio da escrita. De novo, as diferenzas na capacidade para escribir en galego entre monolingües en castelán e en galego son ben perceptibles, tanto por lingua inicial coma habitual (véx. figura 3.19).




Figura 3.19. *Capacidade para escribir o galego segundo a lingua inicial e habitual no MSG-04*

Nos monolingües nunha e noutra lingua convén subliñar as diferenzas entre os valores da lingua inicial e os da lingua habitual. Din ter mellor competencia escrita en galego os monolingües habituais nesta lingua ($\bar{x} = 3,7$) ca os monolingües iniciais ($\bar{x} = 3,32$). Pola contra, obteñen unha media máis alta os monolingües iniciais en castelán ($\bar{x} = 2,82$) ca os monolingües habituais neste idioma ($\bar{x} = 2,67$).

3.9.2. *Capacidade para escribir o galego segundo a súa aprendizaxe na familia e/ou na escola*

Os ámbitos de adquisición do galego exercen unha considerable influencia na percepción da competencia para escribir nesta lingua (véx. figura 3.20). Resulta salientable o elevado valor que alcanza a media desta destreza en quen ‘aprende a falar en galego preferentemente na familia’ ($\bar{x} = 3,45$) ou ben simultaneamente na ‘familia e na escola’ ($\bar{x} = 3,45$). Pola contra, aprender o galego por vías diferentes á familia e á escola implica un considerable descenso da capacidade para escribilo: o valor da media descende de 3,45 a 2,17, segundo a percepción dos suxeitos enquisados.




Figura 3.20. *Capacidade para escribir o galego segundo a súa aprendizaxe na familia e/ou na escola no MSG-04*

3.9.3. *Capacidade para escribir o galego segundo a idade*

Se a idade resultaba un factor relevante na variabilidade atopada nas restantes destrezas da competencia en galego, na capacidade para escribir acentúase a súa influencia. Da mesma maneira que acontece na capacidade para ler, os grupos máis novos afirman escribir mellor en galego. Os individuos con idades comprendidas entre os 15 e os 34 anos, que xa cursaron polo menos a materia de lingua galega desde a primaria/EXB, superan claramente a media xeral nesta destreza. As xeracións máis vellas ('de 45 a 54 anos'), que tiveron unha escasa ou ningunha escolarización en galego, obteñen medias inferiores. A diferenza entre o grupo dos máis vellos e o dos máis novos é de 0,67 puntos (véx. figura 3.21).




Figura 3.21. *Capacidade para escribir o galego segundo a idade no MSG-04*

3.9.4. Capacidade para escribir o galego segundo a lingua das clases en primaria e secundaria

Da mesma forma que acontece nas restantes destrezas, a lingua das clases ten unha influencia significativa na competencia escritora en galego (véx. táboa 3.4). O alumnado que recibiu as clases unicamente en castelán obtén as puntuacións máis baixas nesta destreza, inferiores ao valor medio da escala, o que indica unha competencia deficitaria neste grupo (véx. figura 3.22).




Figura 3.22. Capacidade para escribir o galego en función da lingua das clases en primaria e secundaria no MSG-04

3.9.5. Capacidade para escribir o galego segundo os estudos

A figura 3.23 recolle a tendencia a unha mellor competencia para escribir en galego conforme aumenta o nivel educativo. Os únicos niveis de estudos que non presentan diferenzas significativas entre si son os que corresponden a secundaria, FP e bacharelato. Ningún dos grupos educativos descende do punto medio da escala (2,5) nesta destreza.




Figura 3.23. Capacidade para escribir o galego segundo os estudos no MSG-04

3.9.6. Capacidade para escribir o galego segundo os ingresos

A variable “ingresos” é a que amosa ter menor influxo na capacidade para escribir en galego (véx táboa 3.4).

Os “ingresos” inflúen da mesma forma na competencia lectora en lingua galega que na capacidade para escribir neste idioma. A medida que aumentan os ingresos a capacidade para escribir en galego tamén aumenta, agás na categoría de ‘-250€’ que rompe esta tendencia debido a que, como se indica no apartado 2.4.9, este é un grupo sociolóxico con especiais características.

As diferenzas significativas corresponden á categoría de ‘250-420€’ fronte ao resto de enquisados. Os suxeitos que se adscriben a esta categoría son os que obteñen unha media significativamente máis baixa na capacidade para escribir en galego ($\bar{X}=3,03$) ca os suxeitos do resto das categorías (véx. figura 3.24).




Figura 3.24. Capacidade para escribir en galego en función dos ingresos no MSG-04

3.10. Distribución territorial da competencia en galego

Neste apartado afondarase na distribución xeográfica da competencia lingüística en galego, amosando os valores das medias das catro destrezas nos distintos hábitats e nas sete cidades galegas.

Aínda que, como se puido ver, as variables que adoitan influír en maior grao na competencia son as lingüísticas, as educativas e a idade,

cómpre coñecer polo miúdo a situación da competencia lingüística por hábitat, así como os factores que a condicionan, especialmente no medio urbano. Por outra banda, afondar nesta relación proporciona pautas de intervención na planificación da lingua.

3.10.1. *Competencia en galego segundo o tamaño do hábitat de residencia*

Como se pode apreciar as medias das variables ‘entender’, ‘falar’, ‘ler’ e ‘escribir’ (véx. figuras 3.25a e 3.25b) presentan poucas diferenzas por ‘hábitat de residencia’.

A capacidade para entender o galego é moi similar en todos os tipos de hábitat. Só 0,20 puntos de diferenza separan o hábitat coa media máis elevada ($\bar{x} = 3,81$), o de ‘menos de 5.000 habitantes’, do que ten a máis baixa ($\bar{x} = 3,61$), o comprendido ‘entre 10.001 e 20.000 habitantes’.

A capacidade para falar, onde a significatividade da diferenza é maior ca na comprensión, presenta unha distancia de 0,36 puntos entre o hábitat coa media máis alta, o de ‘menos de 5.000 habitantes’ ($\bar{x} = 3,59$) e o da máis baixa, o ‘de 10.000 a 20.000 habitantes’ ($\bar{x} = 3,23$). As medias nesta competencia seguen unha progresión descendente a medida que aumenta o tamaño do hábitat. Esta tendencia desaparece nos núcleos ‘de 10.000 a 20.000 habitantes’, que de xeito semellante ao amosado nas restantes destrezas, presentan a media máis baixa.

Con relación á capacidade para ler, a diferenza entre o hábitat co valor máis alto da media, o de ‘menos de 5.000 habitantes’ ($\bar{x} = 3,53$) e o hábitat co valor máis baixo, o ‘de 10.001 e 20.000 habitantes’ ($\bar{x} = 3,22$), acada 0,31 puntos.

En canto á capacidade para escribir, obsérvase unha distancia de 0,36 puntos entre as localidades co valor máis elevado, as de ‘menos de 5.000 habitantes’ ($\bar{x} = 3,32$), e as que o teñen máis baixo, as ‘de 10.001 a 20.000 habitantes’ ($\bar{x} = 2,96$).

En xeral pódese afirmar que un tamaño menor de hábitat correspóndese cun nivel máis alto de competencia en galego. As puntuacións máis altas danse na categoría de ‘-5.000’ e as máis baixas na ‘de 10.001 a 20.000 habitantes’, con puntuacións menores que nas categorías que a seguen.




Figura 3.25a. Comparativa das catro destrezas en galego en función do tamaño do hábitat de residencia no MSG-04




Figura 3.25b. Comparativa das catro destrezas en galego en función do tamaño do hábitat de residencia no MSG-04

3.10.2. Competencia en galego das sete grandes cidades galegas

As figuras 3.26a e 3.26b recollen as medias da competencia nas sete maiores cidades galegas.

A capacidade para entender o galego varía significativamente en función das cidades. Os mellores resultados corresponden ás de Ourense ($\bar{x} = 3,84$) e Santiago ($\bar{x} = 3,8$), mentres que a media máis baixa é a de Ferrol ($\bar{x} = 3,27$). Entre os valores extremos advírtese unha diferenza considerable (0,57), superior ao medio punto. Entre estes valores

extremos sitúase o resto das cidades, con puntuacións medias que non difiren significativamente entre si: Lugo ($\bar{x} = 3,69$), A Coruña ($\bar{x} = 3,68$), Pontevedra ($\bar{x} = 3,66$) e Vigo ($\bar{x} = 3,62$).

A capacidade para falar varía tamén notablemente entre as diferentes cidades. O grupo coas medias máis altas está formado por Ourense ($\bar{x} = 3,55$), Santiago ($\bar{x} = 3,49$) e Lugo ($\bar{x} = 3,41$). Puntuacións intermedias obtéñense na Coruña ($\bar{x} = 3,38$), Pontevedra ($\bar{x} = 3,33$) e Vigo ($\bar{x} = 3,28$). A media máis baixa corresponde de novo á cidade de Ferrol ($\bar{x} = 2,82$). A diferenza entre a cidade coa puntuación máis alta, Ourense, e a máis baixa, Ferrol, é de 0,73 puntos.

En referencia á capacidade para ler, as maiores distancias, de novo superiores ao medio punto (0,57), prodúcense entre Santiago, coa media máis alta ($\bar{x} = 3,55$), e Ferrol, coa máis baixa ($\bar{x} = 2,98$). Próximas ao valor da media de Santiago están Lugo e Pontevedra ($\bar{x} = 3,44$). O resto das cidades forman un grupo con moi escasas diferenzas integrado por Ourense ($\bar{x} = 3,38$), Vigo ($\bar{x} = 3,38$) e A Coruña ($\bar{x} = 3,34$).

Na capacidade para escribir rexístrase de novo unha diferenza de medio punto entre os valores máis altos, de Ourense e Santiago ($\bar{x} = 3,27$), e o máis baixo, correspondente a Ferrol ($\bar{x} = 2,77$). Por riba da media xeral do urbano, con valores moi próximos entre si, sitúanse Lugo ($\bar{x} = 3,23$), Vigo ($\bar{x} = 3,23$) e Pontevedra ($\bar{x} = 3,22$). Non existen diferenzas significativas entre as outras cidades, salvo no caso da Coruña, que presenta unha media algo máis baixa ($\bar{x} = 3,08$).

Desta breve comparación dos valores das medias nas catro destrezas no ámbito urbano destaca, por unha banda, a cidade de Ferrol cunhas puntuacións significativamente máis baixas, inferiores en máis de medio punto en relación á media máis elevada nas capacidades para entender, ler e escribir. Esta diferenza chega a ser aínda máis avultada na capacidade para falar (0,75 puntos). Por outra banda, Ourense presenta as medias máis altas na capacidade para entender, falar e escribir, neste caso compartida con Santiago. Esta última cidade é a que obtén as mellores puntuacións nas destrezas que requiren unha formación máis académica, é dicir, as lectoescritoras. As restantes cidades contan cuns valores medios máis homoxéneos en todas as destrezas con leves diferenzas entre elas.

Estes resultados van claramente asociados aos obtidos pola distribución da lingua inicial nas diferentes cidades. A menos galeguizada, Ferrol, rexistra os peores valores na competencia en galego.




Figura 3.26a. Comparativa das catro destrezas en galego segundo a cidade no MSG-04




Figura 3.26b. Comparativa das catro destrezas en galego segundo a cidade no MSG-04

3.11. Relación entre a competencia en galego e a competencia en castelán

A continuación estúdase a relación entre as competencias en galego e en castelán seguindo a hipótese da interdependencia lingüística (Cummins, 1983, 1991), que informa da existencia dun nivel de competencia subxacente común ás linguas. A correlación de Pearson (véx. táboa 3.5) determinará o grao de correlación entre as catro destrezas.

Táboa 3.5. *Correlacións entre a competencia en galego e a competencia en castelán*

		entende castelán	fala castelán	le castelán	escribe castelán
entende galego	Correlación de Pearson	0,329**	0,188**	0,229**	0,210**
	Sig. (bilateral)	0,000	0,000	0,000	0,000
	N	9207	9208	9205	9204
fala galego	Correlación de Pearson	0,166**	0,082**	0,100**	0,100**
	Sig. (bilateral)	0,000	0,000	0,000	0,000
	N	9184	9184	9181	9180
le galego	Correlación de Pearson	0,226**	0,203**	0,281**	0,264**
	Sig. (bilateral)	0,000	0,000	0,000	0,000
	N	9187	9188	9188	9187
escribe galego	Correlación de Pearson	0,171**	0,163**	0,215**	0,240**
	Sig. (bilateral)	0,000	0,000	0,000	0,000
	N	9174	9174	9174	9174

** A correlación é significativa ao nivel 0,01 (bilateral)

Os resultados xerais indican a existencia de correlacións significativas positivas entre a percepción das competencias nas dúas linguas, que tenden a ser máis homoxéneas nas lectoescritoras ca nas da oralidade.

A comprensión oral é a destreza na que se rexistra unha maior correlación (0,329 $p < 0,001$), mentres que a expresión oral en galego (0,082 $p < 0,001$) é a que presenta unha relación máis difusa, sobre todo, coa expresión oral e as destrezas lectoescritoras en castelán. Estes resultados estarían na mesma liña dos obtidos noutros estudos realizados sobre a transferencia de competencias entre o galego e o castelán (Seminario de Sociolingüística, 2005), e entre o castelán e outras linguas (Madariaga, 1994; Sagasta, 2002).

Por outra banda, importaba saber se a relación entre a competencia en ambas as dúas linguas era maior a medida que as destrezas dos suxeitos eran máis altas. Con este obxectivo escolleuse a técnica HOMALS, xa utilizada con anterioridade neste traballo (véx. capítulo II, apartado 2.5). O modelo obtido con dúas dimensións acadou un bo axuste (0,89), explicado, sobre todo, pola dimensión 1 (0,52) (véx. figura 3.27).

Esta dimensión 1 (véx. eixe horizontal da figura 3.27) separa os suxeitos que se autoadxudicaban unha puntuación menor de 4 en ambas as linguas (cuadrantes da esquerda) dos que se adxudicaban un 4 nas dúas linguas (cuadrantes da dereita). Os resultados confirman a hipótese de que a transferencia entre unha e outra lingua é máis probable a medida que as competencias lingüísticas son maiores. De feito, aparece un perfil conformado por un grupo de persoas numeroso e homoxéneo con altas destrezas (puntuación 4) orais e lectoescritoras tanto en galego coma en castelán (cuadrante superior da dereita). A variable 'entende castelán' é a que ten un menor poder discriminante neste perfil (0,238), mentres que a variable 'escribe galego' é a que ten un maior poder (0,670), datos que complementarían os obtidos na análise anterior.

Seguindo na dimensión 1, advírtese tamén que as persoas con puntuacións inferiores a 4 teñen un perfil máis heteroxéneo nas súas destrezas bilingües. Estes resultados quedan máis definidos na dimensión 2 (eixe vertical) que avisa da existencia dun perfil contraposto ao primeiro, caracterizado por unhas deficitarias competencias en castelán (puntuación 1, cuadrante inferior esquerdo), principalmente en comprensión oral. Pero este último perfil ten pouca representatividade.




Figura 3.27. *Relación entre a competencia lingüística en galego e castelán*

3.12. Comparativa da competencia en galego entre o MSG-92 e o MSG-04

Os datos obtidos no MSG-04 amosan unha importante mellora na percepción da competencia en todas as destrezas, de maneira moi especial no tocante ás destrezas lectoescriptoras. A seguir amósase a distribución das medias²⁶ obtidas polas respostas aos ítems empregados nos dous cuestionarios.

Na figura 3.28 pódese ver como subiron os valores das medias²⁷ en todas as destrezas (a de entender 0,22 , a de falar 0,18, a de ler 0,69, e a de escribir 0,88). Isto é, mellorou a competencia en todas as destrezas, e sobre todo na capacidade de ler e escribir. Non é difícil percibir o efecto producido pola introdución do galego no ensino na percepción das competencias en galego, especialmente nas lectoescriptoras.

²⁶ Como se sinalaba máis arriba, a escala utilizada no MSG-92 presenta problemas de tipo metodolóxico que desaconsellan o seu emprego para operacións matemáticas como o cálculo de medias. Aínda sendo conscientes desta eiva, empregáronse os datos obtidos co único obxectivo de facilitar as comparacións.

²⁷ As categorías de resposta comprenden do 1 ao 4.




Figura 3.28. Comparativa da competencia lingüística en galego entre o MSG-92 e MSG-04 no tramo de 16-54 anos

3.13. Competencias multilingües no MSG-04

Co fin de analizar as competencias multilingües²⁸ en Galicia, o MSG-04 incluíu unha pregunta filtro para saber se se coñecía algunha outra lingua á parte do galego e do castelán. Aínda que inicialmente o 46,8% dos enquisados respondeu afirmativamente, á hora de concretar qué linguas sabía á parte do galego e do castelán observouse que a porcentaxe de enquisados baixou ao 44%. Máis minoritario aínda resultou o coñecemento dunha cuarta (o 9,3%) ou quinta lingua (o 2,1%). Estes resultados amosan que os coñecementos multilingües distan moito dos obxectivos marcados pola U.E. nesta materia, e que se resumen na fórmula “lingua materna + dous idiomas”²⁹.

²⁸ O termo de competencias multilingües neste texto refírese ás destrezas noutras linguas diferentes do galego e castelán.

²⁹ Este obxectivo estableceuse no Consello Europeo de Barcelona de marzo de 2002, cando os Xefes de Estado e de Goberno propugnaron o ensino de, cando menos, dous idiomas estranxeiros desde unha idade moi temperá. Neste sentido, o obxectivo da Comisión a longo prazo é potenciar o multilingüismo individual ata que cada cidadán teña un coñecemento práctico de, polo menos, dous idiomas ademais da súa lingua materna.

3.14. Influencia das variables sociolingüísticas e sociolóxicas nas competencias multilingües no MSG-04

Para coñecer os determinantes sociolingüísticos, educativos e sociolóxicos do coñecemento doutras linguas distintas das dúas cooficiais en Galicia procedeuse á análise das diferenzas entre os valores observados e os valores esperados nos cruzamentos entre a variable “coñece outra lingua” e un amplo número de variables que, hipoteticamente, podían estar relacionadas con aquela.

O método escollido para realizar esta análise foi a proba χ^2 , que se considera idónea cando as variables que se pretenden contrastar non son métricas e non se buscan entre elas relacións de dependencia. Posteriormente aplicouse o estatístico Tau-b de Kendall (τ), e realizouse unha interpretación dos cruzamentos baseada na intensidade da relación entre cada unha das variables consideradas e a referida ao coñecemento doutra lingua. Os resultados dos contrastes pódense ver na táboa 3.6.

Táboa 3.6. *Determinantes sociolingüísticos e sociolóxicos do coñecemento doutras linguas Proba Tau-b de Kendall*

	τ	sig. aproximada
estudos	37,485	<0,001
idade	-18,882	<0,001
lingua inicial	16,054	<0,001
hábitat de nacemento	13,444	<0,001
lingua habitual	12,550	<0,001
ocupación	-11,686	<0,001
ingresos	10,979	<0,001
hábitat de residencia	8,869	<0,001

Atopáronse diferenzas estatisticamente significativas entre os valores observados e os valores esperados no cruzamento da variable “coñece algunha outra lingua” co “nivel educativo” [$\tau=37,485$ ($p<0,001$)], a “idade” [$\tau=-18,882$ ($p<0,001$)], a “lingua inicial” [$\tau=16,054$ ($p<0,001$)], o “hábitat de nacemento” [$\tau=13,444$ ($p<0,001$)], a “lingua habitual” [$\tau=12,550$ ($p<0,001$)], a “ocupación” [$\tau=-11,686$ ($p<0,001$)], os “ingresos” [$\tau=10,979$ ($p<0,001$)] e o “hábitat de residencia” [$\tau=8,869$ ($p<0,001$)] por esta orde.

O signo dos valores de τ indica que o coñecemento doutras linguas é significativamente maior nos que teñen un nivel educativo alto, nos máis novos, nos que adquiriron inicialmente outras linguas ou o castelán, nos que naceron en localidades de maior tamaño, nos que falan habitualmente castelán, nos que están situados nos postos máis elevados da escala de ocupacións, nos que teñen maior nivel de ingresos e nos que residen en localidades de maior tamaño.

3.14.1. Coñecemento doutras linguas segundo a idade

Pódese constatar como a medida que se descende na escala de idade aumenta o coñecemento doutras linguas (véx. figura 3.29). Así, mentres que no grupo dos máis novos ('de 15 a 24 anos') o coñecemento doutras linguas é do 58%, esta porcentaxe vai diminuindo paulatinamente ata o 33% no grupo de maior idade ('de 45 a 54 anos'). Con todo, os resultados obtidos nos grupos de menor idade indican que o coñecemento doutras linguas é reducido pese ao mandato da aprendizaxe dunha lingua estranxeira no ensino obrigatorio.




Figura 3.29. Coñecemento doutras linguas segundo a idade no MSG-04

3.14.2. Coñecemento doutras linguas segundo a lingua inicial

Como indica a figura 3.30, o coñecemento doutras linguas aumenta desde o grupo dos monolingües en galego, onde só o 36,5% responde afirmativamente á pregunta, ata o grupo dos monolingües en castelán, onde algo máis da metade, o 52,8%, di coñecer outras linguas. Así mesmo, atoupouse unha relación entre un maior coñecemento doutras linguas e a adquisición inicial do castelán única ou preferente.




Figura 3.30. Coñecemento doutras linguas segundo a lingua inicial no MSG-04

Posto que o estudo de linguas estranxeiras se xeneralizou nos últimos anos, cómpre coñecer se se manteñen as diferenzas por lingua inicial no grupo de poboación máis novo. Os resultados aparecen na figura 3.31, na que se pode apreciar unha tendencia á nivelación por lingua inicial, xa que os resultados son semellantes en todas as categorías e as diferenzas son moito menores que na 3.30.




Figura 3.31. Coñecemento doutras linguas segundo a lingua inicial no MSG-04 ('15-24 anos')

3.14.3. Coñecemento doutras linguas segundo o hábitat de nacemento

O aumento do coñecemento doutras linguas vai parello ao aumento do número de habitantes da localidade de nacemento (véx. figura 3.32). Así mentres no hábitat de ‘menos de 5.000 habitantes’, o coñecemento doutras linguas acada o 36,5% da mostra, ao pasar ao hábitat ‘de 20.001 a 50.000 habitantes’ ou ao de ‘máis de 50.000 habitantes’, esa proporción ascende ao 48,1% dos suxeitos. Cómpre salientar que en ningún hábitat o coñecemento doutra lingua distinta do galego ou o castelán supera o 50%.




Figura 3.32. Coñecemento doutras linguas en función do hábitat de nacemento no MSG-04

3.14.4. Coñecemento doutras linguas segundo a lingua habitual

De igual maneira que ocorría co coñecemento doutras linguas en función da lingua inicial, a distribución desta variable segundo a lingua habitual dos falantes presenta unha tendencia semellante á vista no apartado anterior. O coñecemento doutras linguas aumenta progresivamente desde o grupo de monolingües habituais en galego, onde só o 36,1% afirma coñecer ‘outras linguas’, ata o dos monolingües en castelán, onde algo máis da metade, o 51,8% di ter competencias multilingües. Merece consideración a semellanza dos valores de galegofalantes, sexan monolingües ou preferentes (o 36,1% e o 39,5% respectivamente), dun lado, e castelanfalantes monolingües ou preferentes, doutro (o 51,8% e o 52% respectivamente) (véx. a figura 3.33).




Figura 3.33. Coñecemento doutras linguas segundo a lingua habitual no MSG-04

Realizando unha selección na mostra dos suxeitos ‘de 15 a 24 anos’, as diferenzas entre quen fala unha ou outra lingua deixan de ser significativas e, ao igual que ocorre coa lingua inicial, tenden a neutralizarse (véx. figura 3.34³⁰).




Figura 3.34. Coñecemento doutras linguas segundo a lingua habitual no MSG-04 (‘15-24 anos’)

³⁰ Nesta figura non se tivo en conta a categoría “outras” debido á súa escasa relevancia nesta análise.

3.14.5. Coñecemento doutras linguas segundo a ocupación

A figura 3.35 móstranos unha forte diferenza de 37,9 puntos porcentuais no coñecemento doutras linguas entre o grupo ocupacional de ‘profesionais, técnicos e similares’ (o 56,9%) e os ‘traballadores agrícolas e non cualificados non agrícolas’ (o 19%).

As ocupacións onde máis do 50% dos suxeitos saben outras linguas son, por esta orde, os ‘profesionais, técnicos e similares’ (o 56,9%), os ‘membros do goberno e altos directivos da Administración pública e da empresa privada’ (o 54,6%), os ‘cadros medios’ (o 53,5%), e o ‘persoal administrativo e similares’ (o 51%). No resto das ocupacións o coñecemento doutras linguas vai diminuindo ata acadar o valor máis baixo citado dos ‘traballadores agrícolas e non cualificados non agrícolas’.

Estes datos reflicten a tendencia crecente no coñecemento doutras linguas conforme sobe a cualificación requirida para o posto de traballo. Con todo, os resultados das competencias multilingües segundo a ocupación indican que, mesmo nas categorías profesionais que precisan un maior nivel de cualificación, non se alcanza o 60% de coñecemento doutras idiomas.




Figura 3.35. Coñecemento doutras linguas segundo a ocupación no MSG-04

3.14.6. Coñecemento doutras linguas segundo os ingresos

Os ingresos económicos tamén están relacionados co coñecemento doutros idiomas, tal e como se pode observar na figura 3.36. Agás no primeiro grupo, onde o nivel de ingresos é inferior aos 250€³¹ e a porcentaxe dos que coñecen outras linguas se achega á metade (o 46,2%), a proporción de coñecemento oscila entre o 34,7% dos que se sitúan no tramo ‘de 250 a 420€’ ata o 64,8% no grupo cun nivel de renda familiar de ‘máis de 3.000€’. En consecuencia o coñecemento doutras linguas case se duplica desde os tramos máis baixos, (quitado o de ‘ata 250€’) ao máis alto.




Figura 3.36. Coñecemento doutras linguas segundo os ingresos no MSG-04

3.14.7. Coñecemento doutras linguas segundo o hábitat de residencia

Como xa ocorría co coñecemento doutras linguas segundo o “hábitat de nacemento”, a medida que aumenta o tamaño da localidade de residencia (véx. figura 3.37) aumenta tamén o coñecemento doutras linguas. Desde o hábitat de ‘menos de 5.000 habitantes’, cunha proporción de coñecemento doutras linguas do 35,8%, pásase a un 51% no de ‘máis de 50.000 habitantes’. A diferenza do que acontecía no cruzamento co hábitat de nacemento, o coñecemento dunha lingua distinta do galego ou do castelán nos residentes nas cidades supera o 50% dos suxeitos, porcentaxe que non se acada entre os nados nese mesmo hábitat.

³¹ No capítulo 2 estableceuse o carácter minoritario e marcadamente xuvenil deste colectivo. Para ver a súa descrición, consúltese o apartado 2.4.9 deste estudo.




Figura 3.37. Coñecemento doutras línguas segundo o hábitat de residencia no MSG-04

3.14.8. Coñecemento dunha terceira lingua en Galicia

Como xa se indicou na introdución deste apartado, o 46,8% dos enquisados sabe algunha outra lingua á parte do galego e do castelán. Máis minoritario resulta o coñecemento dunha cuarta ou quinta lingua co 9,3% e o 2,1%, respectivamente.

A distribución do coñecemento dunha terceira lingua preséntase na figura 3.38, onde se aprecia que máis das tres cuartas partes (o 76,3%) coñece en primeiro lugar o inglés e a seguir, o francés (o 18,4%), o catalán (o 1,8%), o alemán (o 1,6%), o portugués (o 1,1%), o éuscaro (o 0,5%) e outras (o 0,3%).




Figura 3.38. Coñecemento dunha terceira lingua en Galicia no MSG-04

3.14.9. Coñecemento dunha cuarta lingua en Galicia

A porcentaxe de enquisados que di coñecer unha cuarta lingua (9,3%) é xa moi inferior á do coñecemento dunha terceira. A continuación indícase a porcentaxe das linguas mencionadas en cuarto lugar (véx. figura 3.39): o francés (o 37,8%), o inglés (o 21,5%), o portugués (o 14,4%), o italiano (o 11,6%), o alemán (o 8,6%), o catalán (o 3,1%), outras (o 2,5%) e o éuscaro (o 0,4%).




Figura 3.39. Coñecemento dunha cuarta lingua en Galicia no MSG-04

3.14.10. Coñecemento dunha quinta lingua en Galicia

O coñecemento dunha quinta lingua é moi minoritario en Galicia, xa que só o 2,1% dos enquisados contestou afirmativamente á pregunta correspondente. As linguas sinaladas por esa pequena porcentaxe de enquisados foron, por esta orde (véx. figura 3.40): o italiano (o 29,9%), o portugués (o 23,9%), o francés (o 16,7%), o alemán (o 12,3%), o inglés (o 8,6%) e outras (o 8,6%).

Obviamente as porcentaxes de cada unha destas linguas deben interpretarse en relación co reducido número de casos que refiren.




Figura 3.40. Coñecemento dunha quinta lingua en Galicia no MSG-04

3.15. Autopercepción da competencia multilingüe

Os enquisados que afirmaron coñecer algunha lingua diferente do galego e do castelán especificaban o seu nivel de competencia utilizando a mesma escala de medida da competencia empregada para coñecer o nivel das dúas linguas cooficiais en Galicia. Neste apartado amósanse os resultados de autopercepción da competencia nas linguas estranxeiras que máis dominan os galegos: o inglés, que supón o 76,3% dos que saben 'outras' linguas, e o francés, o 18,4%. Nos dous casos, trátase das opcións sinaladas en primeiro lugar entre as linguas coñecidas á parte do galego e do castelán.

3.15.1. Competencia lingüística en inglés e en francés

Na figura 3.41 pódese observar como os valores das medias tenden a ser lixeiramente maiores nas capacidades para entender, falar e ler (0,14, 0,11 e 0,07 puntos, respectivamente) en lingua francesa. Na escrita as diferenzas (0,04 puntos) non son relevantes. Estas lenes distancias indican que o coñecemento do inglés e o francés nas catro destrezas é moi semellante. Superan ou igualan o punto central da escala as capacidades para entender ($\bar{x} = 2,5$ e $\bar{x} = 2,64$, respectivamente) e ler ($\bar{x} = 2,61$ e $\bar{x} = 2,68$, respectivamente), e están algo por debaixo as de

falar, que resulta a destreza coas medias máis baixas ($\bar{X} = 2,33$ e $\bar{X} = 2,44$, respectivamente), e escribir ($\bar{X} = 2,45$ e $\bar{X} = 2,41$, respectivamente). Destes datos despréndese que o nivel de competencia nestas linguas é medio-baixo.




Figura 3.41. Valores das medias das competencias en inglés e francés no MSG-04

3.16. Síntese do capítulo

Neste capítulo pretendeuse sobre todo cuantificar as competencias autopercebidas en galego, castelán e outras linguas en Galicia, establecer os determinantes sociolingüísticos, sociolóxicos e educativos do coñecemento nos diferentes idiomas e analizar a evolución das destrezas en galego neste período de doce anos comparándoas cos datos do MSG-92. Os resultados máis salientables poderían sintetizarse en que:

- Existe a percepción dun elevado nivel de dominio bilingüe galego e castelán nas catro destrezas lingüísticas analizadas de entender, falar, ler e escribir.
- O entrevistado estima que a súa competencia en castelán é superior á competencia en galego en todas as destrezas:
 - Tocante ao castelán, a práctica totalidade da poboación situouse na categoría máis elevada da escala en todas as destrezas, mentres que en galego existen maiores fluctuacións e maior heteroxeneidade entre a poboación.

- As diferenzas máis notables en favor do castelán atópanse na destreza escrita, mentres que a maior uniformidade está na capacidade para entender.
- Hai unha importante mellora na percepción da competencia en todas as destrezas da lingua galega respecto aos datos do MSG-92. As medias en todos os casos superan os 3 puntos nunha escala do 1 ao 4. Os cambios máis salientables refírense ás capacidades lectoescritoras, que tenden a equipararse ás orais.
- Os perfís competenciais en lingua segundo variables sociolingüísticas, sociolóxicas e educativas serían os seguintes:
 - Entende peor o galego quen menos o fala, quen non o adquiriu inicialmente, quen recibiu as clases maioritariamente ou só en castelán, quen reside en localidades de maior tamaño, quen non o aprendeu na familia, quen naceu nas localidades de maior tamaño, quen ten maior idade e quen non o aprendeu na escola.
 - Declarouse máis competente para falar galego quen o fala habitualmente, quen o adquiriu inicialmente, quen recibiu as clases en galego, quen o aprendeu na familia, quen naceu nas localidades de menor número de habitantes, reside neste mesmo hábitat, ten menor idade e é varón, aínda que a influencia do xénero está mediatizada por variables lingüísticas.
 - Manifestouse máis competente para ler en galego quen o fala habitualmente e o adquiriu inicialmente, quen ten menor idade, quen recibiu as clases en galego, quen ten maior nivel de estudos, quen reside en núcleos pequenos, quen o aprendeu na familia, quen o aprendeu na escola, quen naceu en núcleos pequenos e quen ten un alto nivel de renda.
 - Considérase máis competente para escribir en galego quen o fala habitualmente, quen ten menor idade, quen o adquiriu como primeira lingua, quen recibiu as clases en galego, quen ten un nivel de estudos alto, quen reside en núcleos pequenos, quen o aprendeu na familia, quen o aprendeu na escola, quen naceu en hábitats de tamaño intermedio e quen ten uns ingresos altos.

- Como era de esperar as variables lingüísticas (lingua habitual, lingua inicial e lingua das clases) amosaron unha correlación moito maior coa competencia lingüística ca outros parámetros sociais.
- Constátase como as medias de entender, falar, ler e escribir en galego varían en función do hábitat de residencia. A medida que as localidades crecen en número de habitantes decrecen os valores das catro destrezas neste idioma. Esta tendencia rómpese nas localidades cun tamaño comprendido entre os '10.001 e os 20.000 habitantes', onde os valores das destrezas, agás na capacidade para falar, son menores que nas localidades de 'máis de 50.000 habitantes'.
- Da análise da competencia en galego nas catro destrezas segundo a cidade merece salientarse que:
 - Ferrol presenta unhas medias significativamente máis baixas en todas as destrezas.
 - Ourense amosa os valores máis altos na capacidade para entender, falar e escribir, esta última compartida con Santiago.
 - Santiago ofrece as medias máis altas nas destrezas que requiren unha formación máis académica, é dicir, na capacidade para ler e escribir; esta última, como xa se dixo, compartida con Ourense.
 - As outras cidades presentan unhas medias máis homoxéneas en todas as destrezas con leves diferenzas entre elas.
- Existe unha correlación entre o nivel de competencias en galego e o de castelán. Esta relación é maior a medida que as destrezas son máis altas. De feito, hai un perfil composto por un número elevado de persoas con altas competencias orais e lectoescritoras en galego e en castelán.
- En canto á competencia noutras linguas, menos da metade, un 44%, dos enquisados manifestou coñecer unha terceira lingua, o 9,3% unha cuarta, e o 2,1% unha quinta.
- O coñecemento doutras linguas é significativamente maior entre quen ten un nivel educativo alto, menor idade, adquiriu inicialmente outras linguas ou o castelán, naceu en localidades de

maior tamaño, fala habitualmente outros idiomas ou castelán, está situado nos postos máis elevados da escala de ocupacións, ten maior nivel de ingresos e reside en localidades de maior tamaño.

- As diferenzas no coñecemento doutras linguas en función da “lingua inicial” e a “lingua habitual” redúcense no grupo ‘de 15 a 24’ anos.
- No relativo ao coñecemento dunha terceira lingua, máis das tres cuartas partes sinala o inglés en primeiro lugar; seguido polo francés, o catalán, o alemán, o portugués, o éuscaro e outras.
- O coñecemento do inglés e do francés nas catro destrezas é moi semellante. Superan o valor central da escala nas capacidades para entender e ler, e están algo por debaixo en falar, destreza coas medias máis baixas, e en escribir. Destes datos despréndese que o nivel de competencia declarado nestas linguas é medio-baixo.

Ámbitos de adquisición do galego e do castelán

4.1. Introducción

Para afondar na análise da situación sociolingüística dunha comunidade con bilingüismo social cómpre coñecer en qué ámbitos se adquire preferentemente cada lingua, qué papel desempeña cada un deles na transmisión dos idiomas e cómo evoluciona a dinámica deste proceso. Estes datos son sen dúbida importantes con vistas a futuras accións de planificación lingüística.

A adquisición temperá dunha lingua no seo familiar resulta a maneira máis eficaz de transmitila ás xeracións vindeiras, aínda que en sociedades con linguas en contacto, onde existen desigualdades de status entre elas, a lingua adquirida inicialmente non ten por qué se corresponder coa que se escolle para a socialización da descendencia. Nestas situacións, a elección pode obedecer a un cálculo racional dos custos e beneficios implícitos en cada opción e na que se traten de optimizar os recursos de cara ao seu uso no plano social.

Tamén pode suceder que, na mesma situación de contacto, a escolla obedezca a elementos de natureza identitaria. Tal é o caso daqueles pais

e nais que, aprendendo a falar na lingua dominante, elixen a minorizada para se comunicar coa súa descendencia, motivados pola adhesión simbólica ao grupo que a fala.

Outras situacións nas que a familia deixa de transmitir a súa propia lingua son as que teñen lugar en sociedades fortemente afectadas por fenómenos migratorios, tanto pola incorporación de membros procedentes doutros grupos etnolingüísticos, como pola mobilidade dos individuos dunha mesma sociedade. Nestes contextos, a escolla tende a favorecer a integración dos descendentes.

A incidencia que están a ter actualmente en Galicia os elementos descritos anteriormente obriga a estudar con detemento o papel que xogan os diferentes ámbitos sociais na adquisición do galego e do castelán. O MSG-92 xa lle dedicara un capítulo aos ámbitos de adquisición da lingua galega, pero non aos da castelá. No novo mapa acometeuse esta cuestión desde a óptica da coexistencia de dúas linguas na sociedade galega, de forma que se analizaron os ámbitos de adquisición do galego e tamén do castelán.

4.2. Ámbitos de adquisición do galego no MSG-92

No MSG-92 a información sobre os ámbitos de adquisición obtíñase mediante un ítem con categorías mutuamente excluíntes (véx. cadro 4.1).

Cadro 4.1. *Ítem empregado para sondar os ámbitos de adquisición do galego no MSG-92*

P. 17. ¿Como aprendeu a fala-lo galego?	
Familia	1
Escola	2
Amigos	3
Veciños	4
Traballo	5
Outros	6
N.P.	9

Na análise dos resultados, as seis categorías iniciais quedaron reducidas a tres, co agrupamento de ‘amigos’, ‘veciños’, ‘traballo’ e ‘outros’

nunha única categoría na procura dunha explotación dos resultados máis axeitada (Seminario de Sociolingüística, 1994).

Os datos indicaban que a gran maioría dos galegos, o 83,5%, adquirira a lingua propia de Galicia no ámbito familiar, mentres que só un 5,9% do total declaraba que a aprendera na escola. A categoría 'outros' agrupaba o 10,6% dos enquisados. A lingua inicial constituía unha variable altamente relacionada coa adquisición familiar do galego, pois mentres que o 99,8% dos galegofalantes iniciais o aprendera na familia, entre os castelanfalantes iniciais a porcentaxe reducíase ao 39,9%.

Por outro lado, a idade amosaba o impacto producido pola implantación do galego na escola. No grupo de 'máis de 65 anos' o 93% aprendera o galego na familia fronte ao 0,1% que o aprendera na escola. Pola contra, no grupo de '16 a 25 anos' a adquisición familiar diminuíu ao 65,5% e a escolar aumentaba ata o 25%.

O nivel educativo e a clase social introducían lixeiras diferenzas na distribución da adquisición do galego no ámbito familiar e reflectían, en liñas xerais, a perda de relevancia da familia como elemento transmisor a medida que se incrementaban os estudos e a clase social.

O hábitat de nacemento amosaba tamén un influxo importante. Os que adquiriran o galego na familia constituían unha porcentaxe inferior nas cidades que nas vilas, e nestas menor que no medio rural.

En definitiva, as variables implicadas na distribución dos ámbitos de adquisición do galego adiantaban xa un panorama caracterizado por unha preocupante perda de vitalidade da familia como axente transmisor do galego e adiantaban un maior protagonismo da escola.

4.3. Ámbitos de adquisición do galego e do castelán no MSG-04

No tocante aos ámbitos de adquisición, cómpre recordar algunhas diferenzas importantes entre o MSG-92 e o MSG-04. Unha destas novidades consistiu, como xa se mencionou anteriormente, en sondar tamén os ámbitos de adquisición do castelán. Deste xeito cóntase cun instrumento máis completo para avaliar a realidade bilingüe de Galicia e mellórase un elemento clave para o diagnóstico da nosa situación sociolingüística.

Unha segunda diferenza refírese ao cambio do ítem do MSG-92, baseado en categorías de resposta mutuamente excluíntes, por unha pregunta para cada lingua que permitía sinalar tantas opcións como se considerasen necesarias. Pareceunos necesario introducir este cambio pola crecente importancia da adquisición simultánea da lingua a través de diferentes ámbitos, e porque no MSG-92 se investigaba a adquisición a través dun ámbito preferente ou dominante. Para poder comparar os resultados obtidos en ambos os dous momentos, no MSG-04 recolleuse o grao de importancia dos distintos ámbitos.

Estes cambios resultan especialmente rendibles para establecer comparacións verbo da forma en que se produce a adquisición do galego e do castelán e proporcionan unha información polo miúdo sobre os ámbitos da adquisición bilingüe que pode facilitar a toma de decisións no eido da planificación lingüística.

As preguntas 11 e 12 do cuestionario do MSG-04 indagan nos ámbitos de adquisición do galego e do castelán (véx. cadros 4.2 e 4.3). Logo dun rexistro sistemático de todos os posibles ámbitos nos que o individuo adquirira as dúas linguas (familia, escola, amigos, veciños, traballo, medios de comunicación, outros)³², este debía ordenar cada un dos escollidos en función da súa importancia na adquisición da lingua en cuestión. Ademais desas importantes diferenzas, engadiuse un novo ámbito, 'medios de comunicación', que non figuraba no MSG-92. A inclusión desta nova categoría baseouse, á parte da importancia dos medios na difusión das linguas, no alto número de respostas relativas a este ámbito na fase de pretest do novo cuestionario. Esta incorporación supuxo unha notable mellora do instrumento de medida respecto ao cuestionario do 92.

³² As posibles respostas para cada ámbito eran si/non.

Cadro 4.2. Ítem empregado no MSG-92 para sondar os ámbitos de adquisición do galego

P. 17. ¿Como aprendeu a fala-lo galego?	
Familia	1
Escola	2
Amigos	3
Veciños	4
Traballo	5
Outros	6
N.P.	9

Cadro 4.3. Ítem empregado no MSG-04 para sondar os ámbitos de adquisición do castelán e o galego

P. 11/12. ¿Con quen ou onde aprendeu a falar castelán /galego? Entrevistador: no caso de que o entrevistado cite varios ámbitos pídalle que declare a súa orde de importancia e anótea na columna do lado.		
Familia	1	[]
Escola	2	[]
Amigos	3	[]
Veciños	4	[]
Traballo	5	[]
Medios de comunicación	6	[]
Outros	7	[]
N.P.	9	[]

A figura 4.1 amosa os resultados obtidos nas preguntas referidas aos ámbitos de adquisición do galego e do castelán³³. Pese a non se ofrecerem restricións neste sentido, a maior parte dos enquisados mencionou só a ‘familia’ e a ‘escola’, tanto no caso do galego coma no do castelán.




Figura 4.1. Ámbitos de adquisición do galego e do castelán no MSG-04. Todas as opcións

³³ Cómpre lembrar que a suma de todos os ámbitos de adquisición non dá como resultado o 100%, xa que os individuos podían escoller simultaneamente máis dun ámbito para cada lingua.

Como se observa na figura 4.1, a transmisión do castelán obtén valores máis elevados cá do galego nos ámbitos máis relevantes de adquisición lingüística. A diferenza resulta notable no ámbito familiar, cunha distancia de máis de 10 puntos, e sobre todo, na escola, onde supera os 20 puntos porcentuais. Na escola, aínda que se rexistra unha importante distancia en detrimento do galego, obsérvase un avance considerable en relación cos datos do anterior MSG. Daquela só o 5,9% dos enquisados aprendera o galego neste ámbito. Malia as limitacións das comparacións provocadas polas diferenzas nos ítems empregados, o MSG-04 amosa un forte crecemento da adquisición do galego no ensino.

En consecuencia, a perda de protagonismo do ámbito familiar veríase suplido polo avance experimentado no ensino. Este feito resulta evidente se se repara na elevada porcentaxe de individuos que mencionan o ámbito docente, pese a que na mostra seleccionada participaba unha xeración case completa, a dos suxeitos cunha idade de 40 a 54 anos, que non recibira ensino en galego.

Da información extraída da figura 4.1 cómpre destacar tamén a considerable importancia do contorno social na adquisición da lingua galega, sobre todo o das amizades e o dos veciños. O ámbito da veciñanza especialmente, aínda que tamén o dos medios de comunicación, o do traballo e outros sen especificar, favorece a adquisición do galego, o que contribuiría tamén a paliar as consecuencias da perda que se produce no ámbito familiar. As comparacións entre os datos do MSG-92 e o MSG-04 débense someter, con todo, a unha selección previa das mostras para facelas equiparables, pois o factor idade podería introducir distorsións importantes.

4.4. Comparación entre os ámbitos de adquisición do galego no MSG-92 e no MSG-04 (16-54 anos)

As figuras 4.2 e 4.3 ofrecen unha comparativa das respostas obtidas nos dous momentos sobre os ámbitos de adquisición da lingua galega. Pese á limitación evidente de utilizar diferentes ítems nos dous casos, obsérvanse algunhas tendencias dignas de seren mencionadas. A máis importante é a redución das diferenzas na transmisión natural do galego na familia. A diferenza comentada anteriormente obedecía á intervención

do factor idade e estaba provocada pola comparación entre os datos xerais do MSG-92, procedentes dunha mostra con suxeitos maiores de 15 anos, con outra que comprende individuos de 15 a 54 anos.




Figura 4.2. Ámbitos de adquisición do galego no MSG-92 (maiores de 15 anos)




Figura 4.3. Ámbitos de adquisición do galego no MSG-04 (15-54 anos)

Unha hipótese de traballo sobre a evolución do papel da familia na transmisión do galego é que, malia a manterse dentro das posibles opcións de resposta, puidese retroceder, con todo, en canto opción preferente. Para contrastar esta hipótese decidiuse acudir ás respostas única e preferente para cada ámbito, sumalas coma se fose unha soa e comparar esta suma cos datos do MSG-92. O resultado, tal e como se deduce da figura 4.4, concorda con dita hipótese de traballo.




Figura 4.4. Comparativa entre a opción única no MSG-92 e as opcións única e preferente no MSG-04³⁴ nos ámbitos de adquisición do galego (16-54 anos)

Na figura 4.4 obsérvase un descenso de 8,4 puntos porcentuais na categoría ‘familia’ como opción única ou preferente, fronte a un incremento de 10,9 puntos na escola. Todos os restantes ámbitos, excepto o de medios de comunicación, que non figuraba no MSG-92, tenden a retroceder como escollas preferentes. O descenso é significativo na categoría ‘veciños’, mentres que na opción ‘traballo’ apenas mingua tres décimas. Na comparanza destes resultados cómpre ter ben presente a posible distorsión introducida polo emprego de ítems diferentes, polo que estas diferenzas deben ser interpretadas só como tendencias, o que non impide salientar unha vez máis a relevancia dos cambios, a súa dirección e a posible transcendencia para o porvir do galego.

Dado o interese en estudar os ámbitos escollidos como opción única ou preferente decidiuse comparar as respostas referidas á lingua galega coas do castelán (véx. figura 4.5).

³⁴ Foi necesario calcular novas variables para cada un dos ámbitos de adquisición. Sumáronse as opcións única e preferente en cada caso e ponderouse sobre 100 o conxunto das respostas obtidas.




Figura 4.5. Opción preferente de adquisición do galego e do castelán no MSG-04

Como se pode ver na figura 4.5, a familia é o ámbito principal da adquisición das dúas linguas, sobre todo no caso do galego. Pola contra, a escola ten maior importancia na adquisición do castelán ao superar en máis de 15 puntos porcentuais a aprendizaxe do galego neste ámbito. No resto dos ámbitos adquirese en maior medida o galego, indicio do influxo dos axentes secundarios de socialización na adquisición desta lingua.

4.5. Determinantes sociolingüísticos e sociolóxicos da adquisición do galego a través da familia

Para tratar de coñecer polo miúdo qué factores sociolingüísticos e sociolóxicos inflúen en maior medida na transmisión familiar do galego elaborouse unha táboa de continxencia, na que as categorías referidas á adquisición única ou preferente do galego no ámbito familiar aparecen nas filas e as opcións das diferentes variables de tipo sociolingüístico ou sociolóxico contrastadas nas columnas. Testáronse posteriormente as diferenzas entre valores observados e valores esperados mediante o estatístico da Tau-b de Kendall (τ). Na táboa 4.1. aparecen as variables que introduciron diferenzas estatisticamente significativas:

Táboa 4.1. *Determinantes sociais e sociolingüísticos da adquisición preferente ou única do galego no ámbito familiar*

	τ	sig. aproximada
lingua inicial	47,939	<0,001
lingua habitual	40,633	<0,001
hábitat de nacemento	-27,691	<0,001
hábitat de residencia	-15,415	<0,001
estudos	-13,202	<0,001
idade	10,215	<0,001

As variables que maior grao de relación amosaron coa adquisición única ou preferente do galego a través da familia foron, por esta orde: a 'lingua inicial' [$\tau = 47,939$ ($p < 0,001$)], a 'lingua habitual' [$\tau = 40,633$ ($p < 0,001$)], o 'hábitat de nacemento' [$\tau = -27,691$ ($p < 0,001$)], o 'hábitat de residencia' [$\tau = -15,415$ ($p < 0,001$)], o nivel de 'estudos' [$\tau = -13,202$ ($p < 0,001$)] e a 'idade' [$\tau = 10,215$ ($p < 0,001$)].

Os suxeitos que adquiriron o galego só ou preferentemente na familia son, en maior medida, aqueles que aprenderon a falar galego, falan habitualmente esta lingua, naceron e/ou residen en localidades de tamaño pequeno, teñen un nivel educativo baixo e pertencen aos grupos de maior idade.

4.5.1. *Adquisición do galego única ou preferentemente no ámbito familiar segundo a lingua inicial*

A figura 4.6 reflicte a intensidade da relación entre a adquisición preferente e/ou única do galego na familia e a lingua inicial. A porcentaxe de suxeitos que afirmaron adquirir o galego só ou preferentemente na familia descende desde o 95,4% nos monolingües iniciais en galego ao 31,6% nos monolingües en castelán. Esta última porcentaxe, coñecida a situación sociolingüística de Galicia, resulta fortemente significativa, porque indicaría que case a terceira parte de castelanfalantes iniciais tamén adquiriu o galego na familia. Polo que se refire ao 52,4% de suxeitos da categoría 'outras linguas', que sinalan a familia como ámbito de adquisición do galego, podería deberse á incidencia de emigrantes retornados de segunda e terceira xeración, que pese a aprenderen a

falar nunha lingua distinta das de Galicia, puideron adquirir o galego no ámbito familiar.




Figura 4.6. Adquisición do galego única e/ou preferentemente no ámbito familiar segundo a lingua inicial no MSG-04

4.5.2. Adquisición do galego única ou preferentemente no ámbito familiar segundo a lingua habitual

Como se pode apreciar na figura 4.7 a adquisición do galego no ámbito familiar abrangue case a totalidade (o 91,6%) dos galegofalantes habituais e descende considerablemente nos bilingües e monolingües en castelán e nos que empregan habitualmente ‘outras linguas’. Así e todo, cómpre incidir na importancia da familia como ámbito de adquisición do galego entre as persoas instaladas no castelán ou noutras linguas de fóra de Galicia.




Figura 4.7. Adquisición do galego única ou preferentemente no ámbito familiar segundo a lingua habitual no MSG-04

4.5.3. Adquisición do galego única ou preferentemente no ámbito familiar segundo o hábitat de nacemento

Na figura 4.8 apréciase unha diminución da presenza do galego a medida que aumenta o tamaño do “hábitat de nacemento”. Esta tendencia obsérvase de forma clara ao pasar do tramo de ‘menos de 5.000 habitantes’ ao ‘de 10.001 a 20.000’. A proporción máis elevada atópase entre quen naceu en localidades con ‘menos de 5.000 habitantes’, onde a familia é o principal ámbito de adquisición para o 88,8% dos enquisados. Pola contra, a proporción máis baixa está nos nados nas localidades ‘de 20.001 a 50.000 habitantes’ cun 70%.

Resultou relevante a considerable proporción de suxeitos nados no exterior que aprenderon o galego única ou preferentemente na familia (o 63,9%), o que amosa a incidencia que ten a emigración galega de retorno.




Figura 4.8. Adquisición do galego única ou preferentemente no ámbito familiar segundo o hábitat de nacemento no MSG-04

4.5.4. Adquisición do galego única ou preferentemente no ámbito familiar segundo o hábitat de residencia

A influencia do factor territorial na importancia da adquisición familiar do galego faise de novo evidente no cruzamento referido ao “hábitat de residencia” (figura 4.9). Tal e como se observaba no apartado anterior, atopouse unha tendencia decrecente nos valores de adquisición do galego na familia a medida que aumenta o tamaño do hábitat de residencia, deixando á parte as cidades. Os valores máis altos rexístranos os concellos de ‘menos de 5.000 habitantes’ e os máis reducidos atópanse de novo nos concellos de ‘20.000 a 50.000 habitantes’.




Figura 4.9. Adquisición única ou preferente do galego no ámbito familiar segundo o hábitat de residencia no MSG-04

4.5.5. Adquisición do galego única ou preferentemente no ámbito familiar segundo a cidade

Para afondar na influencia do factor territorial na transmisión familiar do galego, analizouse a súa distribución nas sete cidades galegas. Os resultados reiteran a diversidade sociolingüística do urbano galego, xa sinalada nos capítulos anteriores, nos que se poden apreciar diferentes perfís de cidade (véx. figura 4.10). A proporción máis baixa de suxeitos que adquiriron o galego única ou preferentemente na familia correspóndelle a Ferrol (o 57,6%), á que lle seguen en progresión ascendente A Coruña (o 58%), Vigo (o 58,3%), Pontevedra (o 69%), Santiago (o 70,2%), Ourense (o 72,%) e Lugo (o 72,8%). Estudos posteriores deberán confirmar a relación entre migración do rural ao urbano e adquisición do galego no ámbito familiar.




Figura 4.10. Adquisición única ou preferente do galego no ámbito familiar segundo a cidade no MSG-04

4.5.6. Adquisición do galego única ou preferentemente no ámbito familiar segundo o nivel de estudos

A adquisición do galego por vía preferentemente familiar resulta influída de forma notable polo nivel educativo dos suxeitos (véx. figura 4.11). A súa distribución segue unha tendencia descendente desde a categoría máis baixa ‘sen estudos’ (o 87,3%) ao nivel máis alto, ‘universitarios’ (o 64,5%). A diferenza entre os valores das categorías extremas acada 22,8 puntos. Na citada tendencia, o grupo dos dous niveis inferiores distánciase considerablemente do resto das categorías.




Figura 4.11. Adquisición única ou preferente do galego no ámbito familiar segundo o nivel de estudos no MSG-04

4.5.7. Adquisición do galego única ou preferentemente no ámbito familiar segundo a idade

A idade tamén introduce variacións, aínda que máis febles, na distribución da adquisición familiar do galego. O peso do ámbito familiar é menor a medida que se descendente na escala de idade (véx. figura 4.12).




Figura 4.12. Adquisición do galego única ou preferente no ámbito familiar segundo a idade no MSG-04

4.6. Determinantes sociolingüísticos e sociolóxicos na adquisición do castelán a través da familia

Neste apartado estúdanse os determinantes sociolingüísticos e sociolóxicos na transmisión familiar do castelán, o que permitirá establecer un diagnóstico máis preciso dos procesos de transmisión lingüística interxeracional en Galicia. Seguindo a pauta establecida na análise dos condicionantes na transmisión familiar do galego, elaborouse unha táboa de continxencia na que a variable referida á adquisición única ou preferentemente do castelán no ámbito familiar aparece nas filas, e as diferentes variables de tipo sociolingüístico ou sociolóxico contrastadas nas columnas. Testáronse posteriormente as diferenzas entre valores observados e valores esperados mediante o estatístico da Tau-b de Kendall (τ). Das múltiples variables contrastadas, as que introduciron diferenzas estatisticamente significativas son as que aparecen na táboa 4.2.

Táboa 4.2. *Determinantes sociais e sociolingüísticos da adquisición do castelán única ou preferentemente no ámbito familiar*

	τ	sig. aproximada
lingua inicial	-55,591	<0,001
lingua habitual	-55,526	<0,001
hábitat de nacemento	32,915	<0,001
hábitat de residencia	23,725	<0,001
estudos	20,678	<0,001
idade	-13,187	<0,001
ingresos	7,169	<0,001
xénero	4,920	<0,001

As variables que maior grao de relación amosaron coa adquisición única ou preferente do castelán a través da familia foron, por esta orde: a “lingua inicial” [τ = -55,591 (p <0,001)], a “lingua habitual” [τ = -55,526 (p <0,001)], o “hábitat de nacemento” [τ = 32,915 (p <0,001)], o “hábitat de residencia” [τ = 23,725 (p <0,001)], o nivel de “estudos” [τ = 20,678 (p <0,001)], a “idade” [τ = -13,187 (p <0,001)], o nivel de “ingresos” [τ = 7,169 (p <0,001)] e o “xénero” [τ = 4,920 (p <0,001)].

Os suxeitos que adquiriron o castelán única ou preferentemente a través da familia son, en maior medida, os que aprenderon a falar en castelán, usan habitualmente esta lingua, naceron e/ou residen en localidades con elevado número de habitantes, teñen un nivel educativo elevado, pertencen a segmentos de menor idade, teñen ingresos altos e son mulleres.

4.6.1. Adquisición do castelán única ou preferentemente no ámbito familiar segundo a lingua inicial

Como se pode observar na figura 4.13, a adquisición única ou preferente da lingua castelá no contorno familiar decae considerablemente conforme crece a presenza do galego como lingua inicial. A proporción de suxeitos que adquiriron esta lingua só ou preferentemente a través da familia descende do 88,1% nos monolingües iniciais en castelán ao 18,7% nos monolingües iniciais en galego. Así mesmo, cómpre reparar no 46,7% que adquiriu o castelán na familia malia aprender a falar noutras linguas. O fenómeno da inmigración de retorno semella incidir tamén neste resultado.




Figura 4.13. Adquisición do castelán única ou preferentemente no ámbito familiar segundo a lingua inicial no MSG-04

4.6.2. Adquisición do castelán única ou preferentemente no ámbito familiar segundo a lingua habitual

Con relación á influencia da lingua habitual, obsérvase unha forte tendencia decrecente na transmisión do castelán na familia conforme aumenta o uso do galego (véx. figura 4.14). Así, mentres o 88,1% dos monolingües habituais en castelán adquiriu esta lingua só ou preferentemente na familia, nos monolingües habituais en galego a porcentaxe descende ao 21,9%. Un 46,7% de falantes habituais doutras linguas, o que representa case a metade deste grupo, declarou adquirir o castelán no ámbito familiar.




Figura 4.14. Adquisición do castelán única ou preferentemente no ámbito familiar segundo a lingua habitual no MSG-04

4.6.3. Adquisición do castelán única ou preferentemente no ámbito familiar segundo o hábitat de nacemento

O hábitat de nacemento tamén inflúe de maneira importante na distribución da adquisición do castelán por vía familiar. Tal e como se observa na figura 4.15, a elección da familia como ámbito único ou preferente de adquisición do castelán aumenta progresivamente conforme o fai o tamaño da localidade de nacemento. Así, mentres nos nados en localidades cun tamaño inferior aos 5.000 habitantes só o 32,6% sinalou esta opción, nos nados en cidades ascende ao 75,2%. Por outro lado, é máis elevada a porcentaxe de suxeitos que adquiriu o castelán no ámbito familiar entre os nados fóra de Galicia, o que suxire o peso que teñen neste grupo os nados noutras comunidades autónomas ou noutros países de fala castelá.




Figura 4.15. Adquisición do castelán única ou preferentemente no ámbito familiar segundo o hábitat de nacemento no MSG-04

4.6.4. Adquisición do castelán única ou preferentemente no ámbito familiar segundo o hábitat de residencia

A influencia do factor territorial na transmisión interxeracional do castelán faise de novo evidente ao analizar a súa distribución en función do hábitat de residencia. Tal e como se observa na figura 4.16, a adquisición única ou preferente do castelán na familia duplícase desde as localidades de menor tamaño (o 36,7%) ás cidades (o 73,3%).




Figura 4.16. Adquisición do castelán única e/ou preferentemente no ámbito familiar segundo o hábitat de residencia no MSG-04

4.6.5. Adquisición do castelán única ou preferentemente no ámbito familiar segundo a cidade

Á vista dos resultados da figura 4.16, en todas as cidades predomina a vía familiar na adquisición do castelán. As proporcións máis elevadas atópanse, por esta orde, en Ferrol (o 87,9%), Vigo (o 82,4%) e Pontevedra (o 75,6%) (véx. figura 4.17).




Figura 4.17. Adquisición do castelán única ou preferentemente no ámbito familiar segundo a cidade no MSG-04

4.6.6. Adquisición do castelán única ou preferentemente no ámbito familiar segundo o nivel de estudos

O nivel educativo introduce diferenzas notables na distribución da adquisición familiar do castelán. Tal e como se pode observar na figura 4.18, a medida que aumenta o nivel educativo, crece tamén a proporción de suxeitos nos que a familia constitúe a vía principal ou única de adquisición do castelán. A progresión vai do 34,4% entre os que non posúen estudos ao 72,2% nos ‘universitarios’, aínda que a maior porcentaxe (o 73,7%) corresponde ao grupo de ‘bacharelato’.




Figura 4.18. Adquisición do castelán única ou preferentemente no ámbito familiar segundo o nivel de estudos no MSG-04

4.6.7. Adquisición do castelán única ou preferentemente no ámbito familiar segundo o nivel de ingresos

Canto ao nivel de 'ingresos', tal e como reflicte o gráfico 4.19, obsérvase que a adquisición do castelán por vía familiar predomina en todos os tramos. As proporcións máis elevadas atópanse nos tramos de ingresos máis altos ('de 1.260€ en diante') e no grupo situado no extremo baixo da escala ('-250€'). Convén ter presente, con todo, o escaso peso que ten o grupo de ingresos máis baixos na mostra³⁵, así como o feito de que os seus integrantes compartan unhas características sociolóxicas específicas, xa que se trata en boa parte de mozos e mozas alleos ao ámbito laboral ou inseridos precariamente neste ámbito, como xa se sinalou no primeiro capítulo. Deixando á parte este grupo, a tendencia xeral amosa unha evolución ascendente na adquisición do castelán por vía familiar en función do nivel de ingresos.




Figura 4.19. Adquisición única ou preferente do castelán no ámbito familiar segundo o nivel de ingresos no MSG-04

4.6.8. Adquisición do castelán única ou preferentemente no ámbito familiar segundo a idade

A idade introduce sensibles modificacións na distribución da adquisición familiar do castelán. A medida que esta descende aumenta a proporción de suxeitos que sinalan o ámbito familiar como o principal ou único na adquisición do castelán. As porcentaxes oscilan entre o 52,8% no tramo 'de 45 a 54 anos' e o 81,9% no 'de 15 a 24 anos'. Os resultados poñen de manifesto o peso da familia como axente transmisor do castelán por vía xeracional (véx. figura 4.20).

³⁵ O primeiro tramo representa só o 1,9% da mostra.




Figura 4.20. Adquisición do castelán única ou preferentemente no ámbito familiar segundo a idade no MSG-04

4.6.9. Adquisición do castelán única ou preferentemente no ámbito familiar segundo o xénero

A última das variables que amosou unha relación significativa coa adquisición do castelán por vía familiar foi o xénero. A porcentaxe de mulleres que adquiriu o castelán única ou preferentemente na familia (o 64,8%) é sensiblemente superior á dos varóns (o 59,8%), tal e como se pode apreciar na figura 4.21.




Figura 4.21. Adquisición do castelán única ou preferentemente no ámbito familiar segundo o xénero no MSG-04

4.7. Síntese comparativa dos determinantes sociais na adquisición familiar do galego e do castelán

A seguir resúmense e contrástanse as diferenzas máis notables na adquisición do galego e do castelán por vía familiar (véx. táboa 4.3):

Táboa 4.3. *Síntese das diferenzas na adquisición preferente ou única do galego e do castelán no ámbito familiar*

	Adquisición do galego	Adquisición do castelán
lingua inicial	<ul style="list-style-type: none"> • É predominante entre os que aprenderon a falar nesta lingua (o 95,4% nos monolingües en galego fronte ao 31,6% nos monolingües en castelán). 	<ul style="list-style-type: none"> • Predomina entre os que aprenderon a falar nesta lingua (o 88,1% dos monolingües en castelán fronte ao 18,7% dos monolingües en galego).
lingua habitual	<ul style="list-style-type: none"> • Adquirírono en maior medida os galegofalantes habituais (o 91,6% dos monolingües en galego fronte ao 45,5% dos monolingües en castelán). 	<ul style="list-style-type: none"> • Adquirírono en maior medida os castelanfalantes habituais (o 88,1% entre os castelanfalantes monolingües fronte ao 21,9% entre os galegofalantes monolingües).
hábitat de nacemento	<ul style="list-style-type: none"> • A proporción é maior entre os que naceron nas localidades de menor tamaño (o 88,8% nas que teñen menos de 5.000 habitantes fronte ao 63,1% nas que teñen máis de 50.000). 	<ul style="list-style-type: none"> • Predomina a partir de concellos con máis de 10.000 habitantes, acadando nas cidades o 75,2%, fronte ao 32,6% nos de menos de 5.000 (o 32,7%).
hábitat de residencia	<ul style="list-style-type: none"> • É a opción preferente en todos os tipos de hábitat. A diferenza entre os valores máis extremos (o 83,5% nos concellos de menos de 5.000 habitantes e 63,1% nos de máis de 50.000) acada 20,4 puntos porcentuais. 	<ul style="list-style-type: none"> • Nos concellos de menos de 5.000 habitantes é a opción minoritaria (36,7%). • Predomina nos concellos de 5.001 a 10.000 habitantes co 52,8%, e acada o 73,3% nos de máis de 50.000. A diferenza entre os dous extremos da escala é de 36,6 puntos.
estudos	<ul style="list-style-type: none"> • Desde a categoría sen estudos (o 87,3%) á de estudos universitarios (o 64,5%) rexístrase un descenso de 22,8 puntos porcentuais na súa escolla. 	<ul style="list-style-type: none"> • Nos titulados universitarios, a proporción é do 72,2%, fronte ao 33,4% nos que non teñen estudos. A diferenza acada 38,8 puntos.

	Adquisición do galego	Adquisición do castelán
ingresos	<ul style="list-style-type: none"> • Non amosan unha relación significativa coa adquisición do galego única ou preferentemente na familia. 	<ul style="list-style-type: none"> • No grupo de ingresos máis altos a proporción é do 70,5 %, e no dos máis baixos, do 64,1%.
xénero	<ul style="list-style-type: none"> • Non se atoparon diferenzas significativas. 	<ul style="list-style-type: none"> • A proporción é máis alta nas mulleres (o 64,8%) ca nos homes (o 59,8%).
idade	<ul style="list-style-type: none"> • As proporcións oscilan entre o 77,8% no tramo de 45 a 54 anos e o 65,8% no de 15 a 24. 	<ul style="list-style-type: none"> • No tramo de 45 a 54 anos a proporción é do 52,8%, mentres que no de 15 a 24 ascende ao 81,9%.

4.8. Síntese do capítulo

